



GUÍA DE INFORMACIÓN E ACOLLIDA PARA PERSOAS DE PROCEDENCIA ESTRANXEIRA




Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo



Concellería
de Benestar
Social
Concello de Vigo

GUÍA DE INFORMACIÓN E ACOLLIDA PARA PERSOAS DE PROCEDENCIA ESTRANXEIRA



SAÚDA DO TENENTE DE ALCALDE	5	4. VIVIR EN VIGO	99
SAÚDA DA CONCELEIRA	7	4.1. Identidade	100
1. INTRODUCIÓN	9	4.2. Datos básicos	101
1.1. Obxectivos	10	4.3. Organización administrativa	101
1.2. A quen vai dirixida	10	4.4. A poboación á que chega	102
1.3. Como utilizala	11	4.5. A vida en familia	104
2. PRIMEIROS PASOS	13	4.6. A súa vivenda	105
2.1. Onde se atopa	13	4.7. A saúde	110
2.2. Idioma	13	4.8. A escola	113
2.3. Moeda	14	4.9. Os impostos	115
2.4. Primeiros trámites	15	4.10. A participación sociopolítica	116
3. SERVIZOS E RECURSOS	21	4.11. Enlaces de interese	117
3.1. Atención municipal á cidadanía	21	5. ANEXOS	119
3.2. Servizos de información e orientación na cidade de Vigo	22	5.1. Cadro resumo: Onde acudir	119
3.3. Documentación de identificación	27	5.2. Asociacións de inmigrantes	121
3.4. Residencia e traballo	30		
3.5. Nacionalidade	42		
3.6. Vivenda	45		
3.7. Sanidade	48		
3.8. Educación	52		
3.9. Servizos sociais	64		
3.10. Muller e igualdade	74		
3.11. Xuventude	80		
3.12. Emprego	82		
3.13. Remesas e finanzas	87		
3.14. Transportes	88		
3.15. Outras administracións públicas que traballan con inmigración	92		





A aposta polos servizos sociais universais e de calidade, que dean resposta ás necesidades da cidadanía. Neste traballo ten para nós especial importancia o traballo cara as persoas estranxeiras que chegan a nosa cidade. Constitúe un dos eixos das nosas tarefas no goberno municipal para facer de Vigo unha verdadeira cidade de acollida. A publicación desta Guía de Información e Recursos é un paso máis no camiño da integración, porque queremos poñer á disposición da cidadanía as ferramentas necesarias para que a convivencia nas diferenzas sexan unha das sinais de identidade da nosa sociedade.

Se ben a guía está dirixida fundamentalmente á poboación viguesa de procedencia estranxeira, posto que lles ofrece información de diversa índole para que a súa integración na cidade sexa real, consideramos que tamén pode ser de utilidade para os profesionais que interveñen con poboación estranxeira en distintos eidos. Trátase de ofrecer unha ferramenta que dea resposta acaída a realidade social que o fluxo migratorio ten xerado, xa que Vigo é a cidade galega con maior número de persoas estranxeiras censadas.

Dende as áreas coordinadas pola Tenencia de Alcaldía esforzámonos cada día por construír unha sociedade máis xusta, que garanta a igualdade dos seus integrantes respectando a diversidade. Deste xeito, a Concellería de Benestar Social pon a disposición da sociedade un instrumento fundamental para facilitar o coñecemento da nosa cidade ás persoas recién chegadas, así como dos diferentes recursos institucionais cos que contamos.

Santi Domínguez Olveira

Tenente de alcalde do Concello de Vigo



Vigo é unha cidade de acollida, e como tal, pon a disposición das persoas estranxeiras que se achegan a ela unha Guía de Información e Recursos na que se lles ofrece información ampla e detallada de múltiples aspectos nos que poden necesitar da nosa axuda. Dende o Concello de Vigo, e particularmente dende a Concellería de Benestar Social, o noso obxectivo consiste en facilitar a integración das persoas que chegan doutros países para acadar unha convivencia fluída na que as interrelacións poñan de manifesto a riqueza que supón contar con múltiples realidades sociais e culturais.

Sabemos que ás persoas recién chegadas á nosa cidade se lles presentan múltiples dúbidas e problemas que deben ser resoltos. Dende esta guía de recursos pretendemos dar resposta acaída a esas necesidades. Este documento pon ao seu dispor datos sobre o contorno no que agora viven e sobre os seus dereitos e deberes como cidadáns e cidadás de Vigo. Pero tamén ofrece información sobre os recursos públicos e privados que existen na nosa cidade destinados ás persoas recién chegadas para iniciar o seu proceso de integración.

Como concelleira de Benestar Social agardo que esta guía cumpra o seu cometido de ser apoio indispensable de orientación á poboación. Se así é, teremos acadado un dos nosos compromisos de mellorar a calidade de vida da cidadanía mediante a nosa incuestionable aposta polos servizos sociais públicos e de calidade.

María Méndez Piñeiro

Concelleira de Benestar Social do Concello de Vigo





1. INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

Esta “Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira” está encamiñada a facilitar a interrelación, convivencia e integración entre as diferentes realidades sociais e culturais que actualmente conviven na nosa cidade, dando resposta e resolvendo posibles dúbidas sobre diversos aspectos relacionados co funcionamento e organización das nosas institucións, así como enumerando os múltiples recursos que o conxunto da cidadanía temos a nosa disposición.

Vigo, non só é a cidade máis poboada de Galicia e un dos motores económicos da comunidade, é por tanto, un claro polo de atracción para persoas que procuran unha oportunidade de traballo e mellora nas súas vidas, senón que xa historicamente é unha cidade claramente vinculada aos fluxos migratorios. Foi sempre unha cidade aberta cun importante porto que permitiu no pasado a saída de centos de miles de emigrantes cara a América e que, xa no presente, acolle a todas aquelas persoas que chegan con gañas de iniciar un proxecto de vida que converta en realidade as súas expectativas.

Hoxe, máis que nunca, Vigo é unha cidade de acollida. É a suma de todas as persoas que habitan nela e das súas culturas e tradicións. Para acadar unha cidade aberta e plural onde convivan estas diferentes realidades sociais e culturais é necesario un esforzo conxunto que garanta a integración e a convivencia nun marco intercultural e respecto mutuo que enriqueza o conxunto da cidadanía. O papel do Concello neste ámbito é decisivo.

Entre os seus obxectivos principais está o de proporcionar instrumentos que faciliten a estes colectivos de persoas acabadas de chegar á poboación viguesa, o coñecemento do contorno que os rodea e así como dos seus dereitos, pero tamén os seus deberes, como novos cidadáns e cidadás de Vigo.

O presente documento pretende recoller de xeito exhaustivo todos os recursos públicos e privados que as institucións ofrecen a estas persoas para iniciar o seu proceso de acomodación na nosa sociedade. Esta guía inscríbese neste esforzo de construción dunha sociedade cohesionada, que garanta a igualdade de todos os seus membros respectando a diversidade e fomentando o coñecemento e o respecto mutuo.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

1.1. Obxectivos

A “Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira” ten por obxectivo facilitar o desenvolvemento de relacións de convivencia intercultural, converténdose nun instrumento de apoio no proceso de orientación da poboación estranxeira residente no Concello de Vigo, pero tamén é unha ferramenta útil para o conxunto da cidadanía viguesa.

O seu contido xira principalmente en torno a dous ámbitos:

- **Servizos e recursos** tanto públicos como privados que existen no Concello de Vigo, e que dirixidos ou non especificamente a este sector de poboación, si teñen un especial interese para este colectivo.
- Información útil sobre a **cidade de Vigo** e o seu **modo de vida**; hábitos, costumes e todos os aspectos básicos que afecten á convivencia intercultural.

1.2. A quen vai dirixida

Esta guía está orientada principalmente á poboación viguesa de procedencia estranxeira; pretende facilitar o seu proceso de integración e adaptación ao contorno.

De maneira secundaria tamén pode serlles de utilidade aos/ás profesionais da cidade de Vigo que interveñen con poboación estranxeira, xa sexa dende o ámbito da intervención social ou dende o desenvolvemento comunitario.



SECURITY/HEALTH CLEARANCE

Have you or any of your dependants ever lived in a country?

Is a criminal/civil inquiry pending against you or any of your dependants in any country?

Are you or any of your dependants suffering from a contagious disease or any mental or physical condition that may be a danger to the community?

Are you an unaccompanied minor?

10

1.3. Como utilízala

Para que a utilización desta guía sexa máis sinxela e cómoda o seu contido está dividido en tres epígrafes diferentes: “**Primeiros pasos**”, “**Servizos e recursos**” e “**Vivir en Vigo**”. Cada un deles divídense en capítulos cunha temática específica. Cabe prestar atención aos recordatorios e ás informacións destacadas xa que adoitan ser de especial interese.

Dende o Concello confiamos que esta guía axude a todas aquelas persoas acabadas de chegar a Vigo a coñecer máis e mellor a nosa cidade, os seus recursos, e as normas básicas das que entre todos e todas nos dotamos.

É unha ferramenta posta a disposición de todos os vigueses e viguesas para o desenvolvemento dunha sociedade aberta e plural, baseada no respecto mutuo entre persoas e culturas, na procura dun modelo exemplar de convivencia.

Para que a utilización desta guía sexa máis sinxela e cómoda o seu contido está dividido en tres grandes bloques: “Primeiros pasos”, “Servizos e recursos” e “Vivir en Vigo”; cada un deles coa súa cor correspondente. Dentro dos diferentes temas específicos poden aparecer as seguintes iconas:



RECORDE! Destácase información de utilidade ou consellos prácticos relacionados co tema específico do que se trate.



DOCUMENTACIÓN: Sinala a necesidade de presentar documentación e encabeza o listado da mesma



REQUISITOS: É unha chamada de atención cando cabe cumprir unha serie de requisitos

A versión en PDF permite navegar pola guía a través de [hiperenlaces](#) e, no seu caso, acceder directamente ás páxinas web.





2. PRIMEIROS PASOS

PRIMEIROS PASOS

Ao acabar de chegar a Vigo probablemente todo resulte novo para vostede. O contorno, a lingua, a vida cotiá... Son moitos os aspectos da nosa sociedade que convén coñecer para integrarse e para formar parte do conxunto da cidadanía dende o comezo. Antes de falar do funcionamento xeral da cidade (servizos e recursos, dereitos, obrigas...) convén describir brevemente onde nos atopamos:

2.1. Onde se atopa

A cidade de Vigo está situada no noroeste do Estado español, forma parte da Comunidade Autónoma de Galicia e pertence á provincia de Pontevedra. É a cidade máis poboada de Galicia con case 300.000 habitantes e ten un clima suave con invernos tépedos e chuviosos e veráns cálidos.

2.2. Idioma

As dúas linguas oficiais dentro de toda a comunidade autónoma de Galicia son o **galego** e o **castelán**. O seu coñecemento é fundamental se queremos unha plena participación na sociedade en todos os niveis: para relacionarse, para entrar no mercado laboral, para axudar á integración dos fillos e fillas na escola, para facer a compra ou diferentes xestións...

2.3. Moeda

A moeda oficial de España e da maioría de países europeos é o euro. Pódese calcular que o cambio do euro é de aproximadamente 1,24 dólares USA (Fonte: Banco Central Europeo, a 22 de xuño de 2010).



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

2.4. Primeiros trámites

Todas as persoas estranxeiras (independentemente da súa situación administrativa) que elixiron Vigo como a cidade para vivir, deben realizar á súa chegada, os seguintes trámites básicos:

- Empadramento
- Tarxeta Sanitaria
- Escolarización (no caso de menores de idade)

Estes tres trámites son sinxelos de realizar e consolidarán os teus dereitos ante as Administracións, aos diferentes servizos das mesmas.

2.4.1. Empadramento

O padrón municipal é un rexistro onde figuran todos os veciños e veciñas dunha vila ou cidade. Todas as persoas **con independencia da nacionalidade e da súa situación administrativa (sexa regular ou non)** teñen o dereito e o deber de empadroarse no municipio onde teñen a residencia habitual.

Empadroarse proporciona dereitos como, por exemplo, a educación para os seus fillos e fillas, tamén asistencia sanitaria para todos os membros da unidade familiar e serve ademais como indicador do tempo de permanencia no territorio.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Os datos proporcionados ao padrón son confidenciais salvo cuestións de seguridade pública. Para inscribirse no padrón necesítanse:

➔ **Documentos que acrediten a residencia no municipio:** Documentos orixinais do contrato de propiedade ou alugueiro da vivenda, ou contrato ou recibo actual de auga, gas ou teléfono... Este documento non é preciso no caso de incorporación de novos habitantes a un grupo familiar xa empadroadado.

No caso de que xa exista unha persoa maior de idade empadroadada nese mesmo domicilio, necesítase a súa autorización.

➔ **Documentos de identidade:** Débese acreditar a identidade da persoa que se vai empadroar mediante un dos seguintes documentos segundo corresponda:



■ Pasaporte. É o documento de identificación máis importante e resulta imprescindible para acceder aos diferentes servizos da administración.

■ Tarxeta de Identidade de Estranxeiro.

■ Cidadáns e cidadás membros da Unión Europea e asimilados, obrigatorio o número de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros, o Pasaporte e o documento de Identidade.

■ Libro de familia para os menores de 16 anos.

■ Menores de 16 anos procedentes do estranxeiro que no seu pasaporte non figuren os nomes dos pais, terán que achegar unha partida de nacemento ou libro de familia do seu país.

O empadramento é unha xestión que se realiza no Concello correspondente. No caso de residir en Vigo deberá dirixirse a:

Estatística. Concello de Vigo

Planta Baixa - Praza do Rei, 1. 36202, Vigo

Teléfono: 986 810 132

Horario: Expedición de números de 9 a 12.30h

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

É necesario renovar o empadramento **cada dous anos** no caso de persoas estranxeiras non comunitarias sen permiso de residencia permanente. En caso de producirse un cambio de domicilio tamén é obrigatorio darse de alta no novo enderezo.



RECORDE!!!

É importante levar sempre **DOCUMENTOS ORIXINAIS**.

Os servizos públicos (servizos sociais, centros escolares, asistencia sanitaria, etc.) están organizados por áreas xeográficas. O lugar onde esteamos empadroados é moi importante xa que determina a que centros debemos acudir para recibir eses servizos.

É necesario conservar o xustificante de empadramento xa que con él se realizan outros trámites e pode demostrar ademais o tempo de permanencia dentro do territorio español.

No caso de que non dispoña de pasaporte ou teña calquera dúbida, recorde que pode acudir á:

Oficina Municipal de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes de Vigo


R/ Martínez Garrido, 21 baixo. 36208, Vigo

Teléfono: 986 442 356 - Fax: 986 442 096

ofi.inmigracion@vigo.org Horario: de 9 a 14 h de luns a venres

2.4.2. Tarxeta sanitaria

As persoas estranxeiras inscritas no padrón do Concello onde viven teñen dereito a asistencia sanitaria nas mesmas condicións que os cidadáns e as cidadás do Estado español. Para isto é necesario solicitar a Tarxeta Sanitaria que é un documento individual e intransferible.



NÚMERO DA SEGURIDADE SOCIAL

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira



A **documentación** para solicitala é:

- Documento de Identidade (Pasaporte, Tarxeta de Estranxeiro...)
- Certificado de Empadramento
- Libro de familia (no caso de menores de idade)

O **lugar de solicitude** é o **centro de saúde** (Unidade de Atención Primaria, UAP) que corresponda por proximidade ao seu domicilio.

Con esta tarxeta obtén o **Número de Seguridade Social** (como se pode ver na imaxe). Este número debe telo sempre a man xa que é imprescindible na solicitude de diversos servizos e prestacións.

- Este número é vitalicio, único e intransferible.
- É obrigatorio para todos os cidadáns e cidadás.
- No caso de ter un traballo por conta propia ou allea coincidirá co número de afiliación á Seguridade Social, e convértese nunha garantía para os teus dereitos. Servirá tamén para a solicitude de prestacións e pensións, como por exemplo, a prestación por desemprego.



RECORDE!!!

En caso de urxencia ten dereito a atención médica aínda que non teña a súa tarxeta sanitaria. A tarxeta sanitaria serve para asignar un médico permanente (ou médico de familia) e, no caso que proceda, un pediatra do centro de saúde máis próximo ao seu domicilio, o que supón un mellor seguimento do seu caso e, por tanto, un mellor diagnóstico e unha asistencia máis personalizada para vostede e os seus.

Uns meses antes de que caduque envíase unha nova por correo ao enderezo correspondente. En caso de cambio de domicilio hai que comunicalo a través de Internet na páxina www.sergas.es, no seu centro de saúde ou chamando ao teléfono de atención á cidadanía, **981 569 540**.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

2.4.3. Escolarización

En España a **escolarización** é **obrigatoria** e **gratuíta** para todas os rapaces e as rapazas entre 6 e 16 anos e con independencia da súa situación administrativa.

A maioría dos nenos e nenas comezan a asistir á escola aos 3 anos e continúan despois de facer os 16 anos. Para que poidan asistir ao centro educativo que lles corresponda é necesario realizar a súa matrícula.


Para isto é importante poñerse en contacto co centro escolar máis próximo ou coa Delegación Territorial de Educación do Goberno correspondente nada máis chegar e sen ter en conta en que época do ano se produza a dita chegada. No caso de Vigo hai que dirixirse a:


Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Inspección de Educación

Praza Estrela, 9 5ª Pl. 36201, Vigo

Teléfono: 986 817 543 - Fax: 986 817 544







3. SERVICIOS E RECURSOS

SERVICIOS RECURSOS

3.1. Atención municipal á cidadanía

Dentro do Concello de Vigo existen unha serie de servizos de información e orientación dirixidos a toda a cidadanía e que facilitan información xeral sobre a cidade e os seus recursos tanto públicos coma privados.

→ A **Web do Concello www.vigo.org** ofrece información completa sobre a cidade, os servizos dos que dispón o Concello, diferentes trámites e xestións, así como das diferentes actividades que teñen lugar.

→ O **Servizo de Atención Cidadá-010** do Concello de Vigo ofrece á cidadanía a posibilidade de resolver as súas dúbidas mediante a utilización do teléfono ou do correo electrónico. As funcións deste servizo son a xestión de solicitudes, dúbidas e suxestións dos cidadáns e cidadás aos distintos órganos e servizos municipais

■ **Teléfono de atención ó cidadán:** En horario de luns a venres de 8 a 20 h e sábados de 10 a 14 h.

■ **010:** para chamadas realizadas desde a rede de telefonía fixa do municipio de Vigo.

■ **986 810 260:** se a chamada é desde fóra do municipio ou a través dun teléfono móbil.

■ **Correo electrónico:** 010@vigo.org

→ **Oficina Municipal de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes de Vigo**

R/ Martínez Garrido, 21 baixo. 36208, Vigo

Teléfono: 986 442 356 - Fax: 986 442 096

ofi.inmigracion@vigo.org

Horario: de 9 a 14 h de luns a venres



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.2. Servizos de información e orientación na cidade de Vigo

O constante crecemento e desenvolvemento dos recursos e servizos, cada vez máis dispersos, fai que o coñecemento e acceso a estes resulte en ocasións especialmente difícil para as persoas acabadas de chegar.

Esta epígrafe trata de recoller as entidades públicas e privadas que en Vigo traballan no ámbito da inmigración.

3.2.1. Entidades públicas

Todas as persoas residentes en Vigo teñen dereito a utilizar estes servizos de información e orientación, incluídas aquelas acabadas de chegar do estranxeiro e os que xa levan vivindo en Vigo unha tempada. Poden acudir independentemente da situación administrativa na que se atopen.

➔ Oficina Municipal de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes

R/ Martínez Garrido, 21 baixo. 36208, Vigo

Teléfono: 986 442 356 - Fax: 986 442 096

ofi.inmigracion@vigo.org Horario: de 9 a 14 h de luns a venres

Dispón dun servizo de tradución e interpretación en 50 idiomas.

Proporciona un servizo específico de información e atención ao colectivo migrante coa finalidade de identificar, valorar e atender a estas persoas e complementar a intervención xeral que realizan os servizos sociais. Os seus **obxectivos** son:

- Establecer un dispositivo de información específica sobre a situación do colectivo migrante e retornado na cidade.
- Analizar a situación legal e social dos inmigrantes e facer propostas para a planificación de programas aos organismos correspondentes.
- Tramitación de informes para as solicitudes de residencia por arraigo e/ou reagrupamento familiar.
- Promover a sensibilización da cidadanía cara ao feito migratorio, establecendo distintas actuacións de promoción da convivencia e tolerancia.
- Servir de apoio ás persoas e entidades da cidade a través da súa incorporación á rede local de atención aos colectivos migrantes.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

As **persoas destinatarias** deste servizo son:

- **Persoas estranxeiras**, residentes na cidade, con independencia da súa situación administrativa (regular ou irregular) que precisen orientación social e laboral para a obtención dos permisos de residencia, residencia e traballo, reagrupamento, prestacións e emprego, etc.
- **Persoas retornadas** que necesiten asesoramento sobre as diferentes axudas e programas así como o seus familiares tanto de nacionalidade española como estranxeira.
- **Solicitantes de asilo e refuxio** para os que se fará unha primeira atención xurídico social e unha posterior derivación aos programas específicos.
- **Organizacións e persoas interesadas** en obter información sobre o feito migratorio.
- **Persoas de procedencia estranxeira acabadas de chegar á cidade** e que precisen axuda ou atención directa no relativo a aloxamento, manutención, axudas de emerxencia..



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.2.2. Sindicatos

Os sindicatos son asociacións que teñen por obxectivo mellorar as condicións do mercado laboral e defender os intereses das traballadoras e dos traballadores. Moitos deles teñen departamentos ou unidades especializadas en temas relacionados coa inmigración.

■ Departamento de Migración - CIG (Confederación Intersindical Galega)


R/ Gregorio Espino 47, Entr. 36205, Vigo
CIG-Migración - Local Vigo
Persoa de contacto: Alexandre Lago Portela
Teléfono 986 827 970 - Fax: 986 262 781
cig.migracion@galizacig.com - alexlagoportela@yahoo.es

Atende ás persoas inmigrantes e emigrantes que chegan ao noso país; informa sobre os dereitos e obrigas dos/as estranxeiro/as; fai de interlocutor coas distintas administracións e asesora nas tramitacións dos expedientes; favorece a integración sociocultural dos colectivos de inmigrantes que se acheguen a Galiza e apoia campañas de sensibilización na sociedade galega en relación co fenómeno migratorio, promovendo accións a prol da tolerancia e o respecto cara a estes colectivos.

■ Centro de Información para Traballadores Estranxeiros (CITE) – CC.OO. (Comisións Obreiras)

As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia). 36212, Vigo
Teléfono: 986 246 800 - Fax: 986 246 587
www.galicia.ccoo.es - cite.vigo@galicia.ccoo.es

CITE-CC.OO. ofrece información, orientación e asesoramento ao/á traballador/a estranxeiro/a no referente á problemática específica de inmigrante: visados, autorizacións de residencia e traballo, reagrupamentos familiares, obtención da nacionalidade, procedementos sancionadores, etc, isto é, materias que se desprenden da lexislación de estranxeiría reguladora da estancia e os dereitos, e que non se atopan integradas noutro tipo de servizos nin atendidas por outros niveis da estrutura sindical de CC.OO.



■ UXT (Unión Xeral de Traballadores)

Centro de Información e Asesoramiento Sociolaboral para Inmigrantes
R/ Henrique Heraclio Botana, 2. 36201, Vigo
Teléfono: 986 223 088 Fax: 986 228 926
inmigracion.vigo@gmail.com

Realiza funcións de asesoramento ás persoas inmigrantes, en relación á documentación e procesos de arraigo, reagrupamento familiar, homologación de títulos, regulación do menor... Tamén dá información sobre servizos de tradución oficial de documentos, datos relativos a entidades locais, ONG´s, empresas de traballo temporal, axudas sociais, cursos de formación e orientación laboral.

3.2.3. Entidades privadas sen ánimo de lucro

Estas organizacións poden asesoralo de maneira gratuíta no teu proceso administrativo de traballo, residencia, reagrupamento... ou ben facilitar o acceso a diferentes recursos e actividades. Poden ter un carácter laico ou unha orientación relixiosa. A información está actualizada a 30 de marzo de 2010.

■ Galicia Acolle

R/ Romil, 69 - Oficina 13. 36211 - VIGO
Teléfono: 886 114 620 / 600 453 109
www.galiciaacolle.org - vigo@galiciaacolle.org

Os principais obxectivos son a promoción da interculturalidade e participación nun proxecto común de sociedade. Existen tres áreas de traballo: intervención, investigación e formación.

Na súa área de intervención presta servizos de acollida, atención social, avaliación das necesidades da poboación de orixe estranxeira, información e orientación xurídica, acompañamento, mediación e educación intercultural, dispón dunha guía de recursos e fai itinerarios integrados de inserción laboral.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

■ **Fundación CUME para o desenvolvemento de culturas e pobos**

R/ Pi i Margall, 72 - Oficina I. 36202, Vigo
Teléfono: 986 207 799 - Fax: 986 207 799
fcume@fundacioncume.org

O Departamento de Voluntariado de Inmigración da Fundación está a levar unha acción de apoio ás persoas inmigrantes no ámbito da formación cun enfoque sociolaboral. Imparte cursos de castelán, galego, habilidades sociais, hábitos laborais, etc.

■ **Cruz Vermella. Asemblea Comarcal Vigo**


R/ Ecuador 16. 36203, Vigo
Teléfono: 986 423 666 - Fax: 986 423 884
www.cruzroja.es - vigo@cruzroja.es

Traballa con persoas en especial risco de exclusión social: persoas maiores, infancia, drogodependentes, mulleres en dificultades e inmigrantes e refuxiados. Intenta facilitar a estes últimos a integración na sociedade, atendendo ás súas necesidades ou tramitando o seu reagrupamento familiar, así como creando espazos de tolerancia e convivencia.

■ **Cáritas Diocesana de Tui-Vigo**

R/ García Barbón, 104 baixo. 36201, Vigo
Teléfono: 986 44 33 10 - Fax: 986 233 170
www.caritastui-vigo.org - inmigrantes@caritastui-vigo.org

Ten unha orientación relixiosa e pertence á Igrexa Católica no Estado español. O seu ámbito de actuación é moi amplo, con actividades dirixidas á asistencia, rehabilitación ou inserción social das persoas vítimas da pobreza e exclusión social. Respecto ás persoas inmigrantes, presta os seguintes servizos: atende, informa e acolle, asesora no ámbito legal e na defensa, presta apoio psicolóxico e educación familiar, e orienta no ámbito laboral.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

■ **Fundación Juan Soñador**

Rda. de Don Bosco, 43 Baixos. 36203, Vigo

Teléfono: 886 116 485

terangavigo@fundacionjuans.org - terangalaboral@fundacionjuans.org



RECORDE!!!

No momento de se asesorar ou de efectuar algún trámite é moi importante non quedar con ningunha dúbida. Se o idioma é unha dificultade, a [Oficina Municipal de Información para Emigrantes](#) Retornados e Inmigrantes de Vigo ten un servizo de Tradución e Interpretación con 50 idiomas. Algunhas ONG tamén prestan gratuitamente este servizo.

3.3. Documentación de identificación

As persoas estranxeiras teñen o dereito e o deber de conservar documentación que acredite a súa identidade. Esta documentación será de utilidade para a realización de múltiples trámites e facilitará o exercicio dos seus dereitos.

Esta documentación é:

- **Pasaporte:** É o documento de identificación básico que acredita ao mesmo tempo identidade e cidadanía. Dentro do territorio español é **imprescindible** para iniciar a maioría de trámites que dan dereito ás diferentes prestacións (sanidade, escola, vivenda...).
- **Visados:** Son as autorizacións das que terán que estar provistos as persoas estranxeiras para que se lles permita a súa entrada no Estado español. Hai determinados países aos que non se lles esixe visado –ben por convenio internacional ou ben por normativa comunitaria.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

- **Número de Identificación de Estranxeiro (NIE):** Este é un número persoal e único, outorgado pola Oficina de Estranxeiros. Só é necesario cando queira realizar trámites de expedientes, actuacións oficiais ou ben por intereses económicos ou profesionais.
- **Tarxeta de Identificación de Estranxeiro (TIE):** É o documento destinado a identificar ás persoas estranxeiras aos efectos de acreditar a súa situación legal no país.
- **Autorización de Residencia:** É o permiso que habilita ao estranxeiro para residir durante o tempo da súa vixencia no Estado español. Pode ser de dous tipos: temporal ou de longa duración (antiga “residencia permanente”).

A solicitude e **documentación** requirida debe presentarse persoalmente na:

Comisaría da Policía Nacional

R/ Luis Taboada, 3. 36201, Vigo

Teléfono principal: 986 820 319 - Teléfono: 986 820 316

Horario: luns a venres 9 a 14 h e de 16 a 21 h



A **documentación requirida para solicitar a TIE** é:

- Pasaporte ou tarxeta de identidade en vigor e fotocopias.
- Tres fotografías en cor tamaño carné.
- Pagar as taxas fiscais establecidas.
- Documentación adicional necesaria en función da autorización de residencia Concedida.

A vixencia deste documento de Identificación de Estranxeiros será a mesma que a autorización de residencia concedida.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Para obter máis información sobre calquera trámite administrativo relacionado cos diferentes procesos de regularización no Concello de Vigo debe acudir a:

Oficina Municipal de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes de Vigo

R/ Martínez Garrido nº 21 baixo 36208 Vigo

Teléfono: 986442356 - Fax: 986442096

ofi.inmigracion@vigo.org

Horario: de 9 a 14 horas de luns a venres



RECORDE!!!

É necesario prestar especial atención ao tempo de validez das distintas autorizacións expedidas. Comprobe cada certo tempo se a documentación está en vigor ou ten que ser renovada.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.4. Residencia e traballo

Os documentos acreditativos de residencia e/ou traballo son básicos para acceder ao exercicio dos dereitos das persoas estranxeiras, así como para facilitar a súa integración social e laboral. Estes documentos acreditan a súa situación administrativa dentro de territorio do Estado español.

Dependendo da procedencia todas as persoas estranxeiras residentes na cidade de Vigo acóllense a réximes legais distintos. Sen embargo, **os dereitos das persoas que fan referencia á dignidade humana, corresponden a todos e a todas independentemente da súa situación administrativa.**

3.4.1. Réxime comunitario

Este réxime é aplicable aos cidadáns dos países membros da Unión Europea (UE) e tamén a aqueles dos países do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e aos seus familiares (cónxuxes, descendentes, ascendentes, descendentes/ascendentes dos cónxuxes; tamén é válido estar rexistrado como parella de feito).

Estes países son: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, España, Finlandia, Francia, Gran Bretaña, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, República Checa, Romanía, Suecia, Noruega, Islandia, Liechtenstein e Suíza (Data de actualización: 15 de marzo de 2010).

As persoas nacionais destes países que vaian a permanecer no territorio español por un período superior a tres meses deben solicitar a inscrición no **Rexistro de Cidadáns da Unión**. Deben dirixirse a:

Brigada de Estranxeiría e Documentación

R/ Luis Taboada, 3. 36201, Vigo

Teléfono principal: 986 820 319 Teléfono: 986 820 316

Horario: luns a venres 9 a 14 h. e de 16 a 21 h.


A principio do ano 2009 os cidadáns e cidadás de Bulgaria e Romanía pasaron a ter os mesmos dereitos de mobilidade, residencia e traballo que os nacionais do resto dos países da Unión Europea. Nestes dous casos é moi importante iniciar o proceso de documentación correcto, é dicir, inscribirse no **Rexistro de**

Cidadáns da Unión presentando a documentación requirida e pagando as taxas correspondentes.



A **documentación** é:

- Pasaporte en vigor ou da tarxeta de identidade propia do seu país.
- Resgardo acreditativo do pago da taxa correspondente.
- Modelo oficial da solicitude.



3.4.2. Réxime xeral (para cidadáns non comunitarios)

Este réxime é aplicable a todos os cidadáns e cidadás de países non membros da Unión Europea. As persoas estranxeiras non comunitarias que teñan previsto entrar no territorio español deben estar provistas dalgún tipo de visado, validamente expedido e en vigor no seus pasaportes ou documentos de viaxe, salvo que existan causas xustificadas.

Os cidadáns e cidadás de países non membros da Unión Europea poden atoparse de forma regular dentro do territorio do Estado español nas seguintes situacións:

A. Tránsito: Ata 5 días, pode ser territorial ou aeroportuario. Esíxese visado dependendo do país.

B. Estancia: Neste caso pódese permanecer dentro do territorio do Estado español coma **turista** (para estadias de ata 90 días por semestre). A existencia ou non deste visado depende do país.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

C. Autorización para investigación e estudos: Esíxese un visado expedido pola embaixada ou consulado do Estado español no país de orixe. Para obtelo é necesario acreditar a admisión no centro docente e que se dispón de medios económicos que cubran os custes dos estudos, as necesidades de estancia e regreso do estudante.

- Nesta situación debes solicitar o **NIE (Número de Identificación de Persoas Estranxeiras)**, un número persoal e único, outorgado pola Oficina de Estranxeiros que resulta necesario cando se queiran realizar trámites de expedientes, actuacións oficiais ou ben por intereses económicos ou profesionais. É necesario tamén para realizar calquera transacción económica como abrir unha conta bancaria, establecer un negocio, comprar unha vivenda ou un coche, facer a declaración de impostos ou para calquera solicitude administrativa inherente á oficina de estranxeiros. Para a súa tramitación hai que dirixirse a:

Brigada de Estranxeiría e Documentación

C/ Luis Taboada, 3. 36201, Vigo

Teléfono principal: 986 820 319

Outro: 986 820 316

Horario: luns a venres 9 a 14 h e de 16 a 21 h



A documentación requirida para solicitar o NIE é:

- Solicitude oficial.
- Documento de identidade ou pasaporte orixinal e fotocopia.
- Foto carné con fondo branco.
- Documentación acreditativa dos motivos da petición.



RECORDE!!!

Antes de que finalice a súa estadía en España, solicite o NIE xustificando os motivos da petición, despois non poderá facelo ata regularizar a súa situación. Se solicita o NIE atopándose sen ningún tipo desta documentación pode ser motivo de apertura de expediente sancionador con posibilidade de expulsión do país.

D. Residencia Temporal: As autoridades españolas conceden diferentes autorizacións de residencia en función de cada caso concreto (estudantes, traballadores ou traballadoras, asilo político, reagrupamento familiar, menores de idade...). A continuación especifícanse os tipos de residencia temporal máis frecuentes:

D.1. Por arraigamiento social: É unha maneira de acceso a unha autorización de residencia por circunstancias excepcionais regulada na normativa de estranxeiría.



Os **requisitos** necesarios para solicitalo son:

- Acreditar tres anos de permanencia continuada en España.
- Carecer de antecedentes penais no seu país de orixe.
- Non existir resolución de expulsión nin unha prohibición de entrada ditada en contra.
- Contar cun contrato de traballo cuxa duración no sexa inferior a un ano ou ben acreditar medios de vida suficientes.
- Acreditar vínculos familiares con outros/as estranxeiros/as residentes, ou ben presentar un informe de arraigamento emitido polo Concello correspondente.



A **documentación** para presentar é:

- Pasaporte en vigor.
- Oferta de traballo ou ben acreditación de medios de vida suficientes.
- Documentación que acredite a permanencia continuada en España durante un mínimo de tres anos.
- Certificado de antecedentes penais no seu país de orixe.
- Acreditación de vínculos familiares con outros estranxeiros residentes ou, no seu caso, informe de arraigamento social.
- Certificado médico.
- Tarxeta de asistencia sanitaria.
- Documentación que xustifique que se coñecen os recursos e as redes sociais do municipio.
- Informe de arraigamento.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

D.2. Por arraigamento laboral: Poderán regularizar a súa situación en España por esta vía excepcional aquelas persoas estranxeiras que cumpran os seguintes **requisitos**:




- Acreditar dous anos de permanencia continuada en España.
- Carecer de antecedentes penais no Estado español e no seu país de orixe.
- Non haber unha resolución de expulsión nin unha prohibición de entrada ditada en contra.
- Demostrar a existencia de relacións laborais en España de duración non inferior a un ano.



A **documentación** para presentar é:

- Pasaporte en vigor.
- Contrato de traballo ou ben acreditación de medios de vida suficientes.
- Documentación que acredite a permanencia continuada en España un mínimo de dous anos.
- Certificado de antecedentes penais.
- Acreditación da relación laboral e da súa duración presentando ou ben unha resolución xudicial que a recoñeza ou unha resolución administrativa confirmatoria da acta de infracción da Inspección de Traballo e Seguridade Social que a acredite.



D.3. Mediante regularización de menores: Os **requisitos** que se deben cumprir para regularizar a un/unha menor ou discapacitado/a son:



- Acreditar a permanencia continuada en España un mínimo de dous anos e a escolarización.
- Acreditar a residencia legal dos seus pais ou titores.
- Dispor dunha vivenda axeitada e medios económicos suficientes.



A **documentación** para presentar é:

- Pasaporte en vigor do menor ou a menor.
- Autorización de residencia dos pais ou titores.
- Documentación acreditativa da permanencia en España.
- Documentación acreditativa do vínculo familiar.
- Recursos económicos suficientes para cubrir as necesidades da familia.
- Escritura de propiedade ou contrato de alugueiro da vivenda.
- Acreditación de asistencia sanitaria.
- No caso de regularización por un só proxenitor: autorización do outro.
- Xustificante de escolarización do ou da menor.
- Informe de vivenda emitido pola oficina de emigración.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

D.4. Por razóns humanitarias: Este suposto excepcional de residencia concédese a aquelas persoas estranxeiras que cumpran as seguintes **condicións**:

- Mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero:
 - Poderán solicitar unha autorización de residencia temporal e traballo temporal por circunstancias excepcionais cando ditara unha orde de protección ao seu favor ou no seu defecto, un informe do Ministerio Fiscal.
 - A dita solicitude non se resolverá ata que se finalice o proceso penal. Pero a autoridade competente poderá conceder unha autorización provisional de residencia e traballo que concluír (é dicir, caducará) cando se conceda ou denegue definitivamente a autorización por circunstancias excepcionais.
- Sufran unha enfermidade grave que requira asistencia sanitaria especializada de imposible acceso no país de orixe e que de non ser asistido suporía un grave risco para a saúde ou a vida. Debe acreditarse cun informe clínico.
- Cando o traslado ao seu país de orixe implique perigo para a súa seguridade ou a da súa familia.

D.5. Por colaboración con autoridades: No caso de colaboración coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais, estas poderán solicitar en estranxeiría a concesión de autorización de residencia.

D.6. Outro tipo de residencia temporal en suposto excepcional é o referente ao art. 94.1. do regulamento.

D.7. Por reagrupamento familiar:



Os **requisitos** para solicitar o reagrupamento familiar son:

- Residir legalmente en España durante un ano, salvo no caso de ascendentes que se require a residencia de longa duración.
- Obter autorización para residir, como mínimo, outro ano máis.
- Dispor de recursos económicos suficientes e dunha vivenda axeitada.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Os familiares que se poden reagrupar son:

- O cónxuxe.
- Os fillos ou fillas menores de 18 anos ou discapacitados/as cando o/a solicitante sexa o seu representante legal.
- Os ascendentes ou os/as ascedentes da persoa estranxeira ou do seu cónxuxe, cando estean a cargo e existan razóns que xustifiquen a necesidade de residir en España. Deben ser maiores de 65 anos.



A **documentación** para presentar é:

- Pasaporte en vigor do/da solicitante.
- Autorización de residencia xa renovada, ou a primeira autorización e o resguardo da solicitude de renovación ou autorización de longa duración.
- Copia do pasaporte da persoa que se vai reagrupar.
- Documentación acreditativa dos vínculos familiares e, no seu caso, da idade e dependencia legal e económica.
- Xustificante de emprego e/ou recursos económicos suficientes para cubrir as necesidades da familia.
- Acreditación de asistencia sanitaria.
- No caso de fillos e fillas reagrupados/as por un só proxenitor, autorización do outro proxenitor.
- No caso de reagrupamento de cónxuxes, declaración xurada de que non se reside en España con outro cónxuxe.
- Contrato de alugueiro da vivenda ou escritura de propiedade.
- Informe de vivenda emitido polo Concello.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Para solicitar todos estes permisos de residencia de carácter non laboral é necesario acudir á comisaría nacional de policía (dirección de abaixo). Para a obtención destes permisos non laborais requísense duns informes previos que emite a Oficina Municipal de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes de Vigo. Esta entidade pode ofrecer ademais asesoramento sobre a documentación necesaria en cada caso individual.

Oficina Municipal de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes - Vigo

R/ Martínez Garrido, 21 baixo. 36208, Vigo

Teléfono: 986 442 356 - Fax: 986 442 096

ofi.inmigracion@vigo.org

Horario: luns a venres de 9 a 14 h

Para **xestionar os permisos de residencia de carácter non laboral** é necesario acudir a:


Comisaría da Policía Nacional

R/ Luis Taboada, 3. 36201, VIGO


Teléfono principal: 986 820 319 - Teléfono: 986 820 316

Horario: luns a venres 9 a 14 h e de 16 a 21 h.

E. Residencia de longa duración: Autoriza ás persoas estranxeiras que acrediten ter residido legalmente e de forma continuada no territorio español durante un período de cinco anos, a residir e traballar indefinidamente en España en igualdade de condicións cás persoas españolas.



Síntese dos tipos de residencia



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

F. Dereito de asilo: É un caso excepcional para solicitar un permiso de residencia temporal. Poden solicitarlo as persoas nacionais non comunitarias e as apátridas presentes no territorio español e que necesiten solicitar a protección internacional debido a **temores fundados de ser perseguido por motivos de raza, relixión, nacionalidade, opinións políticas, pertenza a un determinado grupo social, de xénero ou orientación sexual no seu país de orixe.**

O asilo debe solicitarse persoalmente en calquera destes **lugares**:

- En España, na Oficina de Asilo e Refuxio (OAR), oficinas de estranxeiros e comisarías provinciais ou de distrito da policía autorizada.
- Nos postos fronteirizos de entrada ao territorio español (aeropostos, portos, fronteiras terrestres).
- No estranxeiro: misións diplomáticas e oficinas consulares españolas.

O asilo ten que solicitarse no prazo dun mes dende a entrada en España, salvo cando o estranxeiro goce dunha estancia legal de maior duración.

O territorio español é un refuxio inviolable para todas aquelas persoas a que se lles conceda o asilo, cos seguintes **efectos**:

- Dereito a non ser devolto ao país de risco.
- Dereito a residir en España e a exercer todo tipo de actividades laborais.
- Terá un documento de identidade, así coma un documento de viaxe conforme a Convención de Xenebra.
- Beneficiarase dos servizos sociais, educativos e sanitarios prestados polas administracións públicas, así como dos programas que se establezan para a integración dos refuxiados, dentro sempre das disponibilidades orzamentarias.
- Poderá solicitar a nacionalidade española, una vez cumpridos o prazo de residencia legal e demais requisitos establecidos no Código Civil.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Pódese consultar as diferentes normativas de inmigración, a documentación requirida, o estado dos expedientes, enderezos e descargar formularios de forma gratuíta nas seguintes direccións webs:

Ministerio del Interior: www.mir.es

Ministerio de Trabajo e Inmigración: www.mtin.es

Ministerio de Política Territorial: www.mpt.es

Ministerio de Asuntos Exteriores: www.mae.es

▼ Oficinas consulares

Dentro do territorio español existen unha serie de oficinas consulares que poden expedir pasaportes ou salvoconductos en casos de caducidade ou perda, facilitar información aos seus cidadáns e cidadás información nas materias de asistencia sanitaria, xurídica e notarial, así como tamén no relativo a certificados de antecedentes penais, entre outros.

Poden consultarse as oficinas consulares que existen en Vigo e no resto de Galicia no teléfono de atención ao cidadán 010 ou 986 810 260.



RECORDE!!!

É importante levar sempre os documentos orixinais e unha fotocopia de cada un deles. Toda a documentación que proceda do estranxeiro deberá vir correctamente legalizada, e, no seu caso, traducida.

A **Oficina Municipal de Información aos Inmigrantes** (Rúa Martínez Garrido, 21 baixo) presta un servizo de asesoramento xurídico gratuíto. Se finalmente acode a unha entidade privada recorde consultar previamente o importe que terá que pagar polo dito asesoramento, así como pedir despois unha factura do servizo recibido.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.5. Nacionalidade

A nacionalidade dunha persoa vén determinada polo vínculo ou a relación que a une cun determinado estado. A nacionalidade española pode ser de varios tipos segundo as circunstancias de adquisición da mesma. Aquí relaciónanse os casos máis habituais.

3.5.1. Nacionalidade orixinaria

Dende o momento de nacemento. Entre outros casos, os máis habituais son:

- Os nados de pai ou nai españois.
- Os nados no territorio español de pais estranxeiros se ambos carecen de nacionalidade (apátridas) ou se a súa lexislación non lle atribúe ningunha nacionalidade ao neno ou nena.



3.5.2. Nacionalidade por residencia

Calquera cidadán ou cidadá estranxeiro/a que resida legalmente en España durante un tempo de dez anos e de forma continuada terá dereito a adquirir a nacionalidade española. Os 10 anos é o prazo xeral; no entanto, existen unha serie de casos que poden diminuír o tempo esixido:

- As persoas nadas en España poden solicitar a nacionalidade española ao cumprir un ano de residencia.
- Os estranxeiros/as casados/as cun cidadán ou cidadá español/a, sempre que non estean separados de feito ou legalmente, poden solicitar a nacionalidade cumprido un ano de residencia legal e continuada.
- Os refuxiados políticos ou persoas acollidas ao dereito de asilo, poden solicitar a nacionalidade española residindo legalmente e de forma continuada durante 5 anos.
- Sendo natural dalgún país latinoamericano, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial, Portugal ou Sefardís, necesítanse dous anos de residencia legal en España para poder solicitar a nacionalidade.
- As persoas estranxeiras con fillos ou fillas nados/as no territorio español e que leven residindo un ano, poden solicitar a nacionalidade española para o seu fillo.
- Os viúvos ou viúvas dun español ou española, sempre que no momento da morte non existise separación legal ou de feito e residiran de forma legal en España por un ano, poden solicitar a nacionalidade.



RECORDE!!!

No caso dos nacionais de certos países latinoamericanos ou países con convenios de dobre nacionalidade o Estado español non esixe a renuncia á súa nacionalidade, poderán ter dobre nacionalidade.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira



A **documentación** seguinte é orientadora para a solicitude da nacionalidade por residencia. Cada caso individual vai requirir da súa propia documentación.


- Tarxeta de Identidade de Estranxeiro, Tarxeta de Familiar de Cidadán da Unión Europea ou Certificado do Rexistro Central de Estranxeiros.
- Pasaporte en vigor.
- Certificado de empadramento.
- Certificado de nacemento da persoa interesada.
- Certificado de nacemento dos fillos e fillas menores de idade.
- Autorización xudicial para representar ao menor/discapacitado, no seu caso.
- Certificado de matrimonio con español, no seu caso.
- Certificado literal de nacemento do cónxuxe español, no seu caso.
- Certificado expedido de antecedentes penais do país de orixe, ou consular de boa conduta.
- Documentos acreditativos dos medios de vida para residir en España.

Para coñecer que documentación é necesaria para cada caso particular, debe acudir ao rexistro civil correspondente á localidade onde reside:

Rexistro Civil Exclusivo

R/ Lalín 4, 36209 Vigo

Teléfono:986 817 404 Fax: 986 817 513



3.6. Vivenda

No Concello de Vigo existen diferentes modos de acceso á vivenda tanto en réxime de compra como de alugueiro. É imprescindible ter algún documento de identificación como o pasaporte para alugar un piso (para máis información sobre o proceso de aluguer ou compra consultar capítulo “**A súa vivenda**”).

Dentro do Concello de Vigo existe unha oficina que facilita información sobre todo o relacionado coa vivenda, os seus propietarios e propietarias e os seus inquilinos e inquilinas (vivenda protexida, aluguer, axudas e subvencións...).

Punto de Información Vivenda

R/ O Porto, 1 - 1º andar. 36202, Vigo

Teléfono: 986 447 400

www.vigo.org - ofi.urbanismo@vigo.org

Horario: de luns a venres de 9 a 13.30 h

Todas as persoas estranxeiras **residentes** teñen dereito a acceder ao sistema público de axudas en materia de vivenda. Entre estas axudas atopamos un tipo de vivenda denominado “vivenda de protección oficial” que ten coma obxectivo favorecer que os cidadáns con menos recursos poidan alugar ou incluso mercar unha vivenda digna. Normalmente o seu prezo é limitado e acostuma estar en parte subvencionado polas administracións públicas.

No ámbito autonómico, existen unha serie de programas e axudas aos que todas as persoas residentes no territorio galego poden acceder se cumpren os requisitos obrigatorios (a data de 15 de marzo de 2010):

→ **Plan de Vivenda 2009-2012.** Xestionado pola Xunta de Galicia prevé a construción de novas vivendas protexidas, axudas para a adquisición de vivendas ou para a rehabilitación das xa existentes e desenvolvemento de solo residencial destinado á construción de vivenda protexida.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

→ **Rexistro Único de Persoas demandantes de Vivenda Protexida.** Poden inscribirse as persoas ou unidades familiares que residan de maneira legal no territorio español e queren optar a unha vivenda de protección económica ou de promoción pública, en réxime de compra ou de alugueiro. Para inscribirse será necesario obter telefonicamente unha cita previa no teléfono 902 107 039 e acudir posteriormente aos servizos centrais do Instituto Galego de Vivenda e Solo ou á delegación territorial correspondente. En Vigo:

Instituto Galego de Vivenda e Solo

Praza Estrela, 9 - 3º Pl. Torre II. 36201, Vigo

Teléfono principal: 986 817 577 Outro: 986 817 576/ 986 817 575 - Fax: 986 817 578

Pódese obter máis información sobre ó acceso a vivenda protexida chamando ao teléfono de información: 902 100 054 ou acudindo á páxina web: www.igvs.es > **Plans e programas**

→ **Programa de Vivenda en Aluguer.** Facilita o acceso das familias e unidades convivenciais con permiso de residencia legal e rendas baixas a unha vivenda en réxime de arrendamento. Tamén incorpora ao mercado de alugueiro vivendas baleiras.

→ **Renda Básica de Emancipación.** Está dirixida a mozos e mozas de entre 22 e 30 anos, titulares dun contrato de arrendamento de vivenda e cuns ingresos inferiores a 22.000 euros brutos anuais. Pode incluír 210 euros mensuais para o pagamento do alugueiro durante un máximo de catro anos, un préstamo de ata 600 euros para a fianza e 120 euros para custear un aval. Estas axudas esténdense a todo o territorio español e para acceder a elas é necesario estar en situación de residencia legal. O encargado de tramitalas é o Instituto Galego de Vivenda e Solo así como as súas delegación territoriais.

Para máis información sobre os servizos anteriores acudir ao seguinte enderezo:


Consellería de Vivenda e Solo. Oficina de Bolsas de Aluguer

Gran Vía, 160, baixo. 36203, Vigo

Teléfono: 986 485 746 - Fax 986 817 578

Horario: de luns a venres de 9 a 13 h e de 17 a 19 h.

Na epígrafe **A súa vivenda** pódese consultar información máis completa sobre o proceso de alugamento dunha vivenda. En xeral, é preciso ter en conta que:



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

- Se establece un contrato entre dúas partes: a persoa que aluga a vivenda (que se chama arrendatario ou alugador) e a persoa propietaria desta (que se chama arrendadora ou propietaria). Antes de firmar o contrato de aluguer é moi importante ler atentamente todas as condicións que nel figuran.
- Cabe presentar certa documentación: de **identificación** (pasaporte, tarxeta de identidade, carné), permiso de residencia e traballo, copia do contrato de traballo, aval.
- O pagamento do alugueiro realízase unha vez ao mes directamente ao propietario ou administrador mediante domiciliación nun banco ou caixa. Debe conservar tanto o contrato como os recibos mensuais xa que estes poden servir coma xustificantes para determinados trámites administrativos ou para darse de alta en determinados servizos, como por exemplo a luz ou o teléfono.
- É unha práctica habitual que antes de entrar a vivir na nova residencia o propietario solicite un depósito que normalmente equivale a dous ou tres meses de aluguer. Este importe devolveráselle ao arrendatario cando se cambie de residencia, sempre que deixe a vivenda alugada en boas condicións.
- Para máis información sobre os custos e obrigas derivadas do alugueiro pode dirixirse aos axentes da propiedade inmobiliaria, ás axencias inmobiliarias ou aos administradores de vivendas. Estas axencias non cobran por informar, pero se no caso de que vostede alugue unha vivenda a través da súa intermediación, a comisión pode ser equivalente a un mes de aluguer. Outra opción de consulta é a **Oficina de atención ao Consumidor**.



RECORDE!!!

Antes de asinar un contrato de alugueiro ou compra convén ler con atención todas as condicións e, en caso de dúbidas, busque asesoramento nas oficinas de vivenda ou nas asociacións de consumidores correspondentes.

A duración do contrato de alugueiro da vivenda pódese pactar libremente polas partes. Se ese prazo é inferior aos 5 anos, a lei vixente obriga ao propietario/arrendador a prorrogar ano tras ano o contrato ata completar os 5 anos, a non ser que o a alugador ou arrendatario non estea interesado. Non obstante, o alugueiro de pisos ou casas amobladas, as vivendas de tempada e as consideradas segundas residencias non están sometidas a esta lei, senón ao Código Civil e, nestes casos, a duración pode ser dun ano ou períodos inferiores sen que nada obligue aos propietarios a prorrogar contratos.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.7. Sanidade


A asistencia sanitaria no Estado español ten carácter xeral e é gratuíta. As persoas estranxeiras que se atopen dentro do territorio do Estado español e estean inscritas no padrón do municipio no que residen habitualmente, teñen dereito a acceder á sanidade nas mesmas condicións có resto da cidadanía española.

A medicación, no caso de ter que recibila, non é totalmente gratuíta; cabe pagar unha pequena parte sobre o prescrito. Os medicamentos cómpranse nas farmacias mostrando a prescrición feita polo médico e a tarxeta sanitaria do paciente que recibirá a medicación.

Para ter acceso a todos os servizos do sistema público de saúde é necesaria a **Tarxeta de Asistencia Sanitaria**. Para tramitala necesitas un documento de identificación como o pasaporte.

A Administración ten a obriga de prestar asistencia sanitaria a aquelas persoas que inda que non posúan a Tarxeta Sanitaria se atopan nalgunha das seguintes situacións:

- Menores de 18 anos.
- Mulleres embarazadas durante o embarazo, parto e posparto.
- Casos de urxencia, enfermidades graves ou accidentes ata a alta médica.



3.7.1. Sistema Sanitario Público Galego

Estrutúrase da seguinte forma:

➔ Atención Primaria – Centros de Saúde ou Unidades de Atención Primaria (UAP)

Existe, como mínimo, unha por concello e a súa actividade comprende a medicina de familia, pediatría, matronas e algúns servizos especializados como fisioterapia, saúde bucodental, traballo social, saúde mental e saúde materno-infantil. Vigo conta con **23 centros** deste tipo.

➔ Atención Especializada – Hospitais

Comprende a atención nos diferentes hospitais, especialidades concretas, saúde mental, atención a dependencias e condutas aditivas e a urxencias. Existen **7 hospitais** dentro do Concello de Vigo.



➔ Urxencias A atención de emerxencias e urxencias sanitarias pode darse en diferentes centros:

- **Centros de Saúde/Unidades de Atención Primaria:** Estes centros tamén contan con servizos de urxencias durante o seu horario habitual de consultas. Os profesionais e médicos están presentes no centro 7 horas en días laborables, en quendas de mañá de 8:00 a 15:00 ou en horario de tarde de 15 a 22 h.

- **Puntos de Atención Continuada (PAC):** A cidadanía galega ten á súa disposición, en toda a comunidade, distintos centros de saúde abertos 24 horas. A eles poden acudir en caso dunha urxencia de carácter menor sen ter que utilizar os servizos de urxencias hospitalarios.

Estes puntos de atención continuada están situados nos propios centros de saúde e están atendidos por profesionais específicos de PAC e por profesionais dos centros de saúde dos concellos aos que presta servizos. Realizan gardas en horario fixo entre as 15 h e as 8 h en días laborables e de 8 a 8 horas en fins de semana e días festivos.

Teñen cobertura xeográfica, polo que pode atender un só concello ou un número limitado deles. Adoitan estar localizados nun só centro aínda que nalgún caso en dous.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

■ **Urxencias hospitalarias:** Os complexos hospitalarios e hospitais da rede dispoñen de Servizos Urxencias para a asistencia de pacientes que requiren unha atención sanitaria especializada inmediata. Aos servizos de urxencias hospitalarios acoden pacientes que se encontran en situación crítica e que, por tanto, precisan un tratamento áxil e intensivo.

O uso racional das urxencias hospitalarias proporcionará unha maior comodidade para a cidadanía e unha mellor calidade na asistencia dos pacientes en situación grave.

Para solicitar unha consulta co seu médico no centro de saúde correspondente pode facelo chamando directamente ao centro ou ben a través da páxina web **www.sergas.es** no **Servizo de Cita Atención Primaria**.

Póde atopar unha listaxe de unidades de atención primaria na seguinte ligazón: <http://www.sergas.es/CentrosDeSaude/BuscaCentrosSaude.aspx?IdPaxina=10078>

3.7.2. Hospitais

O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) comprende todos os hospitais públicos da cidade: Xeral-Cíes, Nicolás Peña, Rebullón e Meixoeiro, así como os centros de especialidades de Coia e A Doblada.

Os principais hospitais de Vigo son:

Hospital Xeral de Vigo

Pizarro, 22. 36201, Vigo
Central: 986 816 000- Cita previa: 986 816 002
Atención ao usuario 986 816 071

Hospital Nicolás Peña

Avenida Camelias, 109. 36211, Vigo
Teléfono: 986 219 000
Urxencias en psiquiatría

Hospital do Meixoeiro

Meixoeiro, s/n. 36200, Vigo
Central: 986 811 111 - Cita previa: 986 811 118
Atención ao usuario: 986 811 100

Hospital Povisa

R/ Salamanca, 5. 36211, Vigo
Teléfono: 986 413 144

Dentro da páxina web **www.chuvi.sergas.es** é posible obter información máis detallada sobre os servizos, situación e transportes destes hospitais.

3.7.2. Emerxencias

No caso de urxencias médicas ou sanitarias a atención pódese prestar tanto no centro sanitario coma no seu domicilio, chamando a:

Urxencias sanitarias: 061

Centro Coordinador de Emerxencias: 112

SOS Galicia: 900 444 222

Emerxencias da Cruz Vermella: 986 222 222

Para máis información pode consultar a páxina web www.sergas.es ou ben acudir a:

Dirección provincial do SERGAS

Avda. García Barbón, 51

Teléfono: 986 814 100



RECORDE!!!

Acuda ao centro de saúde máis próximo ao seu domicilio. Alí poderán atender as súas necesidades ou ben dirixilo ao seu centro correspondente se é a primeira vez que vai.

É moi importante acudir ao seu médico sempre que o necesite. No seu centro de saúde atopará médicos de cabeceira e persoal de enfermería que lle poden ofrecer unha atención completa e axeitada.

No caso dos nenos e nenas é básico que comecen un seguimento por parte dun pediatra o máis axiña posible; este anotará na súa cartilla de saúde todas as visitas e coidados que se lle practiquen, así como as vacinas. Esta cartilla pediráselle ao longo de toda a súa infancia, tanto para a súa escolarización como para inscribilos en campamentos de vacacións.

Empadronarse no Concello de Vigo é un requisito imprescindible para poder acceder a estes servizos públicos de saúde. A información que achegue está protexida por lei; existe absoluta confidencialidade e segredo profesional.

3.8. Educación

A educación no Estado español é obrigatoria e gratuíta. Todas as persoas menores de 16 anos, independentemente da súa situación administrativa, deben estar escolarizadas nas mesmas condicións cós cidadáns e as cidadás de nacionalidade española. O período obrigatorio de escolarización comprende dende os 6 ata os 16 anos, pero a maioría dos nenos e das nenas comezan a ir o colexio aos 3 anos e moitos continúan despois dos 16. É moi recomendable para o seu proceso de adaptación comezar a acudir a escola co resto dos seus compañeiros e compañeiras nados no mesmo ano.

3.8.1. Tipo de centros educativos

- **Centros públicos:** As ensinanzas que se imparten neles son gratuítas; é responsable a Administración pública.
- **Centros concertados:** Nos que se adoita pagar unha pequena cota mensual e subvencionados en parte con fondos públicos. Son centros privados e as ensinanzas son gratuítas para as que teñen concerto, normalmente educación primaria ou a ESO.
- **Centros privados:** As ensinanzas que se ofrecen nestes centros non son gratuítas.

3.8.2. Sistema educativo

O sistema educativo español comprende diferentes etapas:

→ **Educación infantil (0-6 anos):** Non é obrigatoria, pero si moi recomendable a partir dos 3 anos. Divídese en:

- **Primeiro ciclo (0-3)-** Antes dos 3 anos os pais e nais poden levar os seus fillos e fillas a escolas infantís se o consideran axeitado. Aquí os nenos e nenas comezan o seu proceso de socialización, desenvolven a súa psicomotricidade e a lingua oral.
- **Segundo ciclo (3-6)-** En moitas ocasións esta etapa de escolarización comeza xa no mesmo centro onde continúa despois a educación primaria. A esta idade inda non é obrigatorio ir a escola, pero si é importante para facilitar que os nenos e as nenas se adapten mellor á vida escolar.

É un ciclo gratuíto en todos os centros de titularidade pública, e parcialmente subvencionado nos centros privados-concertados. As áreas organízanse en torno á autonomía do neno e da nena, descuberta do contorno natural e social, intercomunicación e linguaxe.

→ **Ensinanza primaria (6-12 anos):** Comprende seis cursos académicos que se estruturan en tres ciclos de dous cursos cada un.

- **Ciclo inicial** (de 6 a 8 anos)
- **Ciclo medio** (de 8 a 10 anos)
- **Ciclo superior** (10 a 12 anos)

Esta é a primeira etapa obrigatoria do sistema educativo polo que deben incorporarse a ela todos os nenos e nenas de 6 anos independentemente de se realizaron ou non a educación infantil.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

→ Ensinanza secundaria

- **Educación secundaria obrigatoria (ESO)**- Comprende catro cursos dende os 12 ata os 16 anos de idade e ten carácter obrigatorio.
- **Bacharelato**- É un período de estudos que vai dende os 16 anos ata os 18. Son dous cursos previos á educación universitaria e son voluntarios.

→ **Formación Profesional:** Son estudos e aprendizaxes encamiñados á inserción laboral, cuxo obxectivo principal é aumentar e adecuar o coñecemento e habilidades dos actuais e futuros traballadores e traballadoras. Existen dous ciclos diferenciados:

- **Ciclo formativo de grao medio:** Accédese despois de obter o título de ESO ou a través dunha proba específica para a que é necesario ter 17 anos. Existe tamén a posibilidade de acreditar estudos cursados noutros países. Ver máis información en “**Homologación e convalidación**”.
- **Ciclo formativo de grao superior:** Accédese despois de obter o título de Bacharelato ou a través dunha proba específica para a que é necesario ter 19 anos, ou ben ter 18 anos e ter un grao medio correspondente á mesma familia profesional.



3.8.3. Matriculación

Para solicitar a **admisión** nos centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato (públicos ou concertados) hai que seguir unha serie de pasos:



- Obter o modelo de solicitude e cubri-lo. Pódese solicitar no centro docente escollido ou directamente na páxina web da Consellería de Educación www.edu.xunta.es.
- Reunir toda a documentación acreditativa que se requira e presentala xunto coa solicitude no centro escollido como primeira opción. É necesario elixir por orde de preferencia, até seis centros educativos.
- O prazo aproximado de presentación de solicitudes é do 1 ao 31 de marzo de cada ano. As que estean fóra deste prazo, presentaranse directamente no centro elixido, que se non ten prazas dispoñibles remitiráas á Comisión de Escolarización, que resolverá no prazo máis breve posible o centro se producirá a escolarización do ou da menor. Para consultar os centros dispoñibles e o estado da solicitude hai que acudir a:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Inspección de Educación

Praza. Estrela, 9 5ª Pl. 36201, Vigo

Teléfono: 986 817 543 - Fax: 986 817 544

Os **criterios de prioridade** de admisión nos centros sostidos por fondos públicos serán:

- Existencia de irmáns ou irmás matriculadas no centro de pais, de nais ou de titores/as legais que traballen nel.
- Proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo de pais, de nais ou de titores/as legais.
- Rendas anuais da unidade familiar.
- Discapacidade do alumno/a ou do pai, da nai ou do titor/a legal ou algún irmán ou irmá.
- Condición de familia numerosa.
- Expediente académico do alumno/a (para o bacharelato).

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

→ Primeiro ciclo Educación infantil (0-3 anos)

Para este ciclo podes elixir entre **escolas infantís que dependen do concello** ou ben aquelas que **dependen da Xunta de Galicia**.

▼ **Escolas infantís municipais:**

Dependen do departamento municipal de Educación. Teñen un horario continuo de 7.30 a 21 horas e ao longo deste, os/as nenos/as permanecerán un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas. Non son totalmente gratuítas senón que ten que aboar cantidade en función dos ingresos da unidade familiar.



Para solicitar unha praza é necesario cumprir unha serie de **requisitos**:

- Que o neno ou nena teña a súa residencia en Vigo (que se acredita mediante o padrón) e teña nacido no momento de presentar a solicitude.
- Ter unha idade mínima de 3 meses na data de ingreso e non ter cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do ano correspondente.
- Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

Pódese solicitar praza en calquera das **escolas infantís municipais**, con indicación por orde de preferencia da/as opción/s no impreso de solicitude. Esta pode ser entregada no Servizo Municipal de Educación ou nas propias escolas.

A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido, mediante o que se avalían factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar.

O prazo de entrega establécese aproximadamente do 6 ao 30 de abril. As solicitudes fóra de prazo atenderanse entre os meses de setembro a decembro condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para o grupo de idade do neno ou nena no centro onde se solicita a praza. Esta solicitude deberá presentarse obrigatoriamente no Servizo de Educación.



A **documentación** que se require é a seguinte:

- **Solicitud** de praza nas escolas infantís municipais (inclúe a documentación para presentar coa solicitude na 2ª folia).
- Fotocopia do **Libro de Familia** completo.
- **Declaración xurada**. Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada das persoas interesadas que só terá validez cando vaia acompañada do certificado de vida laboral.
- Fotocopia da **última declaración da renda**. No seu caso, certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria ou documentación xustificativa da situación económica familiar (nóminas, pensionistas, certificado de parado, certificado de vida laboral...).



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Unha vez realizado o baremo farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coas puntuacións obtidas. As listas definitivas quedarán expostas nos taboleiros de anuncios das escolas e na web municipal a partir de finais do mes de xuño.

Na cidade hai catro escolas infantís municipais, nas que pode solicitar praza para nenos e nenas desde tres meses ata os tres anos. Son:

Escola Infantil Municipal Santa Cristina de Lavadores

R/ Santa Cristina 1. 36214, Vigo

Teléfono: 986 280 732.

Escola Infantil Municipal Atalaia de Teis

Avenida Dona Fermina 9, (subida á Guía) Teis. 36207, Vigo

Teléfono: 986 376 503.

Escola Infantil Municipal Santa Marta da Zona Histórica

R/ Santa Marta 38. 36202, Vigo

Teléfono: 986 442 153 - Fax: 986 442 154.

Escola Infantil Municipal Costeira de Saiáns

Baixada á Praia 70. 36392 Saiáns, Vigo

Teléfono: 986 498 677

Escola Infantil Municipal Palencia

R/ Palencia, 32. 36205, Vigo

Teléfono.: 629 907 938



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Para máis información acudir á oficina do Concello de Vigo que facilita maior información sobre os diferentes recursos e servizos educativos do municipio (centros públicos de Educación infantil e primaria, institutos de Educación secundaria, centros de Formación profesional, Educación persoas adultas, Ensinanzas artísticas, Ensinanzas de idiomas e deportivas).

Oficina do Servizo de Educación

R/ O Porto 1, 2º andar. 36201, Vigo

Teléfono: 986 447 400 - Fax: 986 449 379


Horario de atención ao público: de luns a venres de 9 a 13 h

▼ **Escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia:**

Dentro do horario de apertura do centro os usuarios e as usuarias terán que optar por xornadas de mañá ou de tarde, continuada ou partida. A permanencia das e dos nenos no centro non pode superar as 8 horas diarias dentro da xornada pola que opte, agás cando por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas a/o nena/o teña que permanecer un tempo superior, que será autorizado pola Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar.

Existe a posibilidade de acceder ao **cheque infantil** que é unha axuda de tipo económico para a atención dos nenos e das nenas de ata 3 anos en escolas infantís non sostidas con fondos públicos. A axuda consiste na cobertura parcial ou total do custe da praza adjudicada no centro privado e o para recibila é necesario non ter obtido praza nunha gardería pública e non dispoñer doutras axudas para esta finalidade. Esta opción de “cheque infantil” aparece na folia de solicitude polo que debe ser sinalada claramente no caso que se queira acceder a esta axuda.

Os requisitos de acceso son os mesmos que no caso das escolas municipais. O prazo de presentación é do 9 ao 31 de marzo, ambos os dous incluídos.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira



A **documentación** para presentar é a seguinte:

- **Solicitud oficial.** Neste impreso pódese solicitar praza para dous centros con indicación da orde de preferencia. As persoas interesadas en participar na modalidade de cheque infantil deben cubrir o anexo correspondente.
- Fotocopia do DNI ou outro **documento acreditativo da identidade** dos pais/nais ou representantes legais, segundo proceda.
- Fotocopia do **Libro de Familia** completo.
- **Xustificante de ingresos.** A presentación de solicitude levará consigo a autorización á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. Cando se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, poderán presentar outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica.

Naqueles casos en que por distintas razóns non se poidan acreditar as rendas das/dos nais/pais con escasos recursos, será preciso un informe da traballadora ou traballador social do concello.

- **Outros documentos,** se procede, en que consten incidencias familiares, económicas e sociais, puntuables no baremo (responsabilidades familiares, discapacidade, enfermidades, certificación de ser demandante de emprego, familias monoparentais, familia numerosa, situación de violencia de xénero...).

Escola infantil “Caeiro”

R/ Figueiras, 2. 36215 Vigo
Teléfono: 986 486 088 - Fax: 986 487 631

Escola infantil “Rosalía de Castro”

R/ Baiona, 9. Vigo
Teléfono: 986 205 862 - Fax: 986 205 862

Escola infantil “Bouzas”

R/ Pardaiña, 2. Vigo
Teléfono e fax: 986 207 697

Escola infantil “Relfas”

R/ Marco, 28. Sárdoma, Moledo. Vigo
Teléfono: 986 417 433- Fax: 986 482 225

Para **máis información** acudir a:

Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar

R/ Concepción Arenal, 8. 36201, Vigo
Teléfono: 986 817 038 - Fax: 986 817 043

3.8.4. Homologación e validación de estudos

Para información sobre homologación e validación de estudos de sistemas educativos estranxeiros pódese acudir a:

Estudios universitarios

Subdelegación do Goberno en Pontevedra. Oficina de Educación

Praza de España, s/n. 36071, Pontevedra
Teléfono: 986 989 225


Outros

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Inspección de Educación
Praza Estrela, 9 5ª Pl. 36201, Vigo
Teléfono: 986 817 543

Departamento Territorial de Educación e Ordenación Universitaria

Edificio Administrativo de Campolongo
Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º e 8º. 36003, Pontevedra
Teléfono: 986 805 960 - Fax: 986 805 937



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.8.5. Educación de persoas adultas

Existe tamén en Vigo unha serie de centros públicos que ofrecen a todos e todas a posibilidade de adquirir, actualizar ou ampliar os seus coñecementos e habilidades para o desenvolvemento persoal e profesional. Pódense consultar as diferentes opcións na web da Consellería de Educación www.edu.xunta.es. Os centros que contan con este tipo de formación son:

Educación de Persoas Adultas Barbés

R/ Marqués de Valterra, 8, 1º. 36202 Vigo
Teléfono: 986 225 790

Institutos de Ensino secundario (IES)

Castelao, Santo Tomé de Freixeiro, Santa Irene, Instituto Politécnico de Vigo, Ricardo Mella e Instituto de Teis

Centros de Formación profesional

Coia e Valentín Paz Andrade

No caso de que necesite cursos de galego ou español, pode contactar coa Escola Oficial de Idiomas de Vigo onde lle poden indicar os programas existentes, así como os requisitos necesarios para matricularse.


Escola Oficial de Idiomas

R/ Martínez Garrido, 17, 36205, Vigo
Teléfono: 986 260 210 - Fax: 986 262 599
www.eoi.vigo.org - eoivigo@edu.xunta.es

Tamén pode contar co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo para se informar sobre cursos de galego.

Servizo Normalización Lingüística do Concello de Vigo

Praza do Rei, 1. 36202, Vigo
Teléfono: 986 810 281
ofi.normalizacion@vigo.org



3.8.6. Estudos universitarios

En caso de necesitar información sobre estudos universitarios pode consultar na páxina web da universidade de Vigo **www.uvigo.es** ou dirixirse a:

Universidade de Vigo

Teléfono Central: 986 812 000

Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudante (SIOPE)

Edificio Miralles - Campus Lagoas Marcosende, s/n. 36310. Vigo

Teléfono: 986 813 630

siope@uvigo.es

Os centros educativos pódense consultar tamén nos seguintes enderezos web:

www.vigo.org: A web do Concello de Vigo ofrece a posibilidade de descargar a “Guía de Centros Públicos do Concello de Vigo” na que se pode atopar información detallada de cada un dos centros de Educación infantil e primaria.

www.edu.xunta.es: A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria conta cun “Buscador de Centros” que facilita a busca de institutos de Educación secundaria e centros de Formación profesional.



RECORDE!!!

Nada máis chegar debe informarse no colexio máis próximo ao seu domicilio ou ben directamente na Oficina de Educación sobre a matriculación dos seus fillos e fillas ou menores de 16 anos que teña a cargo.

Estar empadroado no Concello de Vigo é un requisito imprescindible para poder realizar os trámites de acceso ao sistema escolar. Para acceder aos diferentes graos da Formación profesional é necesario acreditar os estudos realizados no país de orixe (pode verse máis información en “[Homologación e convalidación de estudos](#)”).

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.9. Servizos Sociais

Todos os cidadáns e cidadás teñen dereito recoñecido a utilizar os servizos sociais municipais, mesmo persoas acabadas de chegar e estranxeiros/as independentemente da súa situación administrativa. Estes servizos préstanos os concellos. No caso de Vigo ten unidades de traballo social en diferentes zonas da cidade e, en función do teu domicilio, asignarásese unha unidade de traballo social.

Para obter máis información sobre os servizos sociais en Vigo:


Benestar Social

Praza do Rei, 1 (planta baixa).

Teléfono: 986 810 129 Fax: 986 810 153

ofi.bensocial@vigo.org

Horario: de 9 a 13 h



3.9.1. Unidades de Traballo Social

As unidades de traballo social (UTS) son as unidades en torno ás que se organiza a prestación de servizos sociais no Concello de Vigo. Dende elas proporciónase información sobre os recursos e prestacións sociais á disposición dos residentes na cidade. Son a "porta de entrada" ao Sistema de Servizos Sociais público. Ofrecen un Servizo de Información, Orientación e Valoración para toda a poboación, desde onde se facilita de forma profesional e confidencial, información sobre os servizos sociais, recursos e prestacións a disposición das cidadás e cidadáns, así como os dereitos que teñen tanto de xeito individual, grupal e comunitario.

As principais funcións destas UTS son:

- A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.
- A atención das situacións individuais, a información en relación coas peticións presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso, que incluírá, cando sexa convinte, a derivación cara ao recurso ou servizo axeitado.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

- Identificar os grupos de poboación vulnerables e as situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- Detectar e avaliar as necesidades e demandas dentro da súa zona ou ámbito de actuación.
- A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento das intervencións realizadas.
- A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia.

Se lle xorden dificultades persoais, familiares ou sociais nestas unidades valorarán a súa situación individual. Acuda:

- Se se sente só/a ou illado/a
- Se ten problemas coa familia e/ou desaxustes de convivencia
- Se hai abandono do fogar
- Se existen malos tratos
- Se ten algunha limitación na súa autonomía persoal
- Se ten algún problema de inserción laboral, escolar ou social
- Se ten carencia de medios propios para cubrir as necesidades básicas
- Se está nunha situación de necesidade provocada por emerxencias



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira



Para saber que UTS corresponde ao seu enderezo pode consultar a web do Concello de Vigo www.vigo.org : Inicio -> Cidadanía -> Servizos Sociais - Rueiro

UTS Lavadores e Rivera Atienza

Avenida Martínez Garrido, 21
Teléfono: 986 280 301- Fax: 986 274 72
ofi.lavadores@vigo.org

UTS Teis e Travesía

R/ Dr Corbal, 21
Teléfono: 986 273 606 - Fax: 986 251 599
ofi.teis@vigo.org

UTS Coia, Castrelos e Litoral


R/ Quintela, 31 - baixo
Teléfono: 986 298 118 - Fax: 986 244 672
ofi.coia@vigo.org

UTS Zona Histórica, Centro e O Castro

Plaza da Princesa, 7
Teléfono: 986 438 492 - Fax: 986 433 194
ofi.cascovello@vigo.org

UTS Sur

Praza do Rei, s/n
Teléfono: 986 810 288 - Fax: 986 810 153
ofi.bensocial@vigo.org



3.9.2. Programas e axudas

Existen unha serie de programas e axudas destinadas para grupos de persoas con características específicas:

→ **Para persoas estranxeiras.** Dentro do Concello de Vigo, existen unha serie de programas que teñen como obxectivo favorecer a integración da poboación de orixe estranxeira e os/as emigrantes retornados/as residentes na cidade, así como garantir o seu acceso ao sistema de servizos sociais e a outros recursos en igualdade de condicións.

- **Oficina Municipal de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes.** É a oficina municipal de información a inmigrantes e emigrantes retornados/as. Proporciona un servizo específico de información e atención ao colectivo inmigrante e emigrante retornado coa finalidade de identificar, valorar e atender a estas persoas e complementar a intervención xeral que realizan os servizos sociais.

- **Servizo de Mediación Intercultural**

- **Servizo de Tradución e Interpretación.** Servizo telefónico con máis de 50 idiomas

- **Información e asesoramento xurídico**


- **Outros programas de convivencia intercultural**

→ **Para persoas maiores.**

- **Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F).** É un programa de atención a domicilio de persoas que precisan apoio para seguir vivindo no seu fogar.

- **Teleasistencia domiciliaria.** Ofrece atención rápida en casos de necesidade (caídas, problemas de saúde).

- **Xantar na casa.** Trátase dun servizo de comida a domicilio.




Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

- **Bonotaxi.** Permite a utilización dos taxis ás persoas con mobilidade reducida mediante unha axuda económica mensual.
- **Avelentamento activo.** Consiste en actividades para potenciar as habilidades e capacidades das persoas maiores e previr a dependencia. Realízanse actividades, obradoiro e deportes. Lévanse a cabo nas asociacións veciñais da cidade.
- **Viaxa e coñece.** É un servizo de autobús para dar a coñecer a cultura e a historia de Galiza e norte de Portugal.
- **Outono cultural.** Con este programa as persoas maiores poden visitar museos e asistir a obras de teatro e charlas informativas sobre temas de actualidade.
- **Actividades interxeracionais.** Trátase de actividades relacionadas coa saúde que se celebran en prazas e parques da cidade durante os meses de verán.
- **Balnearios.** Facilita a asistencia aos programas de saúde dos balnearios.
- **Adaptación fogares.** Ten por obxectivo adaptar os fogares das persoas maiores de 65 anos eliminando as barreiras arquitectónicas.
 - **Centros de día.** Ofrecen atención de día especializada e personalizada a usuarios e usuarias para mellorar o seu grao de desenvolvemento e autonomía.
 - Cánovas del Castillo (Municipal).
 - Atalaia (en colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar).
 - Rúa O Grove (en colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar).
 - **Residencias.** Prazas de urxencias na Residencia Barreiro.



→ Para persoas con discapacidade

- **Bonotaxi.** Permite a utilización dos taxis ás persoas con mobilidade reducida mediante unha axuda económica mensual.
- **Servizo de intérprete de lingua de signos.** Oferta intérprete de lingua de signos para a asistencia das persoas que o precisen.
- **Servizo de transporte adaptado.** Funcionamento dun microbús adaptado para as persoas que o precisen para os seus desprazamentos.
- **Verán de lecer.** Servizo de ocio non permanente para persoas con discapacidade que teñan de 6 a 60 anos. Desenvólvense durante os meses de xullo e agosto.
- **Campana “De boa man”.** O obxectivo é integrar profesionalmente ás persoas con discapacidade.
- **Respiro familiar.** Prestado principalmente nas fins de semana. Para persoas con discapacidade de 3 a 50 anos empadroadas en Vigo.
- **Dispositivos de acceso ao baño:** consiste en dous dispositivos para facilitar o baño ás persoas con mobilidade reducida ou que empreguen cadeira de rodas; nas praias de Samil e O Vao durante os meses de xullo e agosto.
- **Xantar na casa:** trátase dun servizo de comida a domicilio.
- **Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F):** é un programa de atención a domicilio de persoas que precisan apoio para seguir vivindo no seu fogar.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

→ Infancia e familias

- **Programa de intervención familiar.** En caso de existir un conflito familiar será valorado pola traballadora social do barrio, e proporcionaráse de ser o caso a axuda dunha educadora social para apoiar á unidade familiar nesa situación de conflito.
- **Programa de axudas de libros e comedor.** Trátase das axudas municipais para as familias con menos recursos.
- **Programas de prevención.** Teñen como obxectivo traballar na prevención de condutas de risco e inadaptación social cos máis novos. Artéllanse medidas de intervención que contribúen á incorporación social dos grupos máis desfavorecidos. Dirixido a rapaces e rapazas de 6 a 12 anos. Estas medidas son:
 - actividades de apoio escolar e lecer
 - ludoteca e actividades de verán e campamentos
 - espazo de xogo dirixido

→ Para persoas en risco de exclusión social

- **II Plan de Inclusión.** Ten o obxectivo de promover a inserción social e laboral de colectivos en risco de exclusión social mediante a elaboración de itinerarios personalizados.
- Programa **SEREOS.** Dirixido a persoas sen fogar ou risco de exclusión social, proporcionándolles acollida e servizos básicos de calor e café.

SEREOS

R/ Elduayen, 11 baixo.

De luns a venres. Calor e café: 9 a 11 h. Bocateo: 18 a 19 h

Sábados e domingos: 10.30 a 11.30 h e de 18 a 19 h

- Programa **CEREDA.** Destinado a persoas sen fogar ou en risco de exclusión social en colaboración con Médicos do Mundo.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

- Programa **VÍA**. Destinado a persoas de vida desestruturada que permite unha transición á vida autónoma e que se desenvolve en dous pisos: a vivenda de mulleres (5 prazas) e a vivenda de homes (8 prazas).

➔ Para persoas con problemas de consumo de drogas e outras adicións

- **CEDRO**. Servizos de atención e asistencia a persoas drogodependentes.
http://cdixital.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=233&lang=ga
- **Oficina Técnica do Plan Local sobre drogodependencias e outras adicións**.
[.http://hoxe.vigo.org/movemonos/atencionsocial8.php?lang=gal](http://hoxe.vigo.org/movemonos/atencionsocial8.php?lang=gal)

Para máis información, pode consultar a seguinte guía de recursos:
http://hoxe.vigo.org/pdf/social/guia_recursos08.pdf



Todos **estes programas pódense consultar acudindo persoalmente á Oficina de Benestar Social**, na UTS correspondente ou ben na páxina web do Concello de Vigo www.hoxe.vigo.org>Ciudadanía>Servizos sociais.



RECORDE!!!

Nos Servizos Sociais Municipais poden informalo/a sobre os recursos que ten á súa disposición, tanto os específicos para persoas inmigrantes como para o conxunto dos residentes na cidade. Para acceder a estes servizos cómpre que estea empadroad/a; mais se non o está sempre pode pedir asesoramento na súa UTS. Se non está empadroad pode acudir á UTS máis próxima ao seu domicilio para asesorarse. A información que achegue a estes servizos está altamente protexida e sometida a confidencialidade e segredo profesional.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira



3.9.3. Outras entidades que traballan con persoas en risco de exclusión social

Dentro do ámbito de inclusión social existen tamén outras asociacións sen ánimo de lucro que poden prestar diferentes tipos de axudas (reparto de alimentos e roupa, aloxamento...) en situacións de urxencia social. Son entidades financiadas con fondos públicos e, por tanto, están suxeitas ao seu control. Danlles servizo a todas as persoas e poden ser de carácter laico ou con orientación relixiosa.

Cáritas Diocesana de Tui-Vigo

R/ García Barbón, 104 baixo. 36201, Vigo
Teléfono: 986 443 310 - Fax: 986 233 170

AFAN (Asociación Freixeiro de Axuda ao Necesitado)

R/ San Tomé de Freixeiro, s/n
Teléfono: 986 413 890

Sal de la Tierra

R/ Manuel de Castro, 9
Teléfono: 986 465 200

Comedor da Esperanza

R/ San Francisco, 35 – Berbés
Teléfono: 986 436 369

Misioneras del Silencio

Comedor: R/ Urzáiz, 39.
Servizo de albergue e acollida a partir das 21 h
Mulleres na R/ Urzáiz, 39 e homes na R/ Marqués de
Valterra, 6.
Teléfono: 986 436 997

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Albergue Irmáns misioneros dos enfermos pobres

Avda. de Galicia, 160. Teis

Vida Digna

R/ Vázquez Varela, 21-B

Teléfono: 676 526 086

Remar Galicia

R/ Menéndez Pelayo, 28, 36211, Vigo

Teléfono: 986 206 311

Médicos del Mundo

R/Illas Baleares 15, baixo. 36203, Vigo

Teléfono: 986 484 301

Emaús

R/ Ronda Don Bosco, 9, 2, 36202, Vigo

Teléfono: 986 220 284

Banco de Alimentos

R/ Pino, 38, baixo 36206, Vigo

Teléfono: 986 263 022

Misión Evanxélica Urbana de Vigo – MUVI

R/ Riveiro, 6, 36214, VIGO

Teléfono: 653 502 732

Cruz Vermella. Asemblea Comarcal Vigo

R/ Ecuador 16, 36203, Vigo

Teléfono: 986 423 666

Asociación San Caetano e Damas da Providencia

R/ Vázquez Varela, 54-2º C, Vigo

Teléfono: 986 435 147- 986 435 176

San Vicente de Paúl

R/ Palencia, 22, 36205, Vigo

Teléfono: 986 272 405

Servas de Xesús

R/ Urzáiz, 60, 36201, Vigo

Teléfono: 986 415 016



3.10. Muller e igualdade


No Concello de Vigo existen unha serie de servizos orientados exclusivamente ás mulleres e que teñen como obxectivo detectar as súas dificultades, necesidades e demandas, así como facer valer os seus dereitos nos ámbitos profesional, social e familiar. Proporcionan recursos e instrumentos que promoven a confianza nelas mesmas para esixir unha convivencia en igualdade e para educar ás novas xeracións en valores que garantan a igualdade de oportunidades.

O Concello de Vigo pon á disposición do conxunto dos cidadáns a Oficina de Igualdade. As súas funcións son:

- Avalía as políticas de igualdade.
- Fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos apoiando o seu asociacionismo.
- Executa accións destinadas á prevención concienciación e tratamento da violencia contra as mulleres.
- Coordina os servizos exteriores municipais: rede municipal de vivendas, centro municipal de información e servizos de atención domiciliaria á infancia.
- Leva a cabo programas de prevención e concienciación social dirixidos tanto á comunidade educativa como á sociedade en xeral.
- Elabora e difunde materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a prevención e o tratamento da violencia de xénero dirixido a toda a sociedade e especialmente ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Oficina de Igualdade

1ª pranta da Casa do Concello
Horario: de luns a venres de 8 a 15 h.
Praza do Rei, s/n. 36202, Vigo.
Teléfono: 986 810 284 - Fax: 986 430 082
www.igualdadevigo.org - ofi.muller@vigo.org



3.10.1. Servizos de información e asesoramento

→ Atención telefónica

Teléfono da Muller 24 horas 986 293 963.

É o servizo municipal de información e asesoramento telefónico para mulleres, dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia. Está atendido as 24 horas do día por persoal especializado, asegura unha orientación inmediata e precisa sobre recursos e servizos existentes na comunidade achegándolles información urxente sobre recursos legais e sociais ao seu alcance, apoio e atención en situacións de angustia.

→ Atención on-line

Consulta xurídica on-line: osnosdereitos.muller@vigo.org

O Concello de Vigo pon a disposición das mulleres que estean interesadas un correo electrónico para que poidan facer consultas xurídicas sobre o dereito de familia, malos tratos, dereito penal, dereito civil, discriminación sexual, acoso laboral, etc. As consultas recibirán resposta directamente pola avogada do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. A resposta ás ditas consultas, en xeral e salvo situacións concretas especiais (vacacións, días non laborais, etc), non se dilatará, na medida do posible, máis aló de 24-36 horas.

→ Atención presencial

Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

Desenvolve programas específicos de apoio e atención ás vítimas de violencia. Está formado por un equipo multidisciplinar composto por unha avogada, unha traballadora social, unha psicóloga e unha administrativa.

R/ Romil 20. 36203, Vigo

Teléfono: 986 293 963 - Fax: 986 201 153

info.muller@vigo.org

Horario: De luns a venres de 10 a 14 h. O xoves ademáis de 17 a 20 h

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Os programas que desenvolve son de carácter xeral (información e asesoramento xurídico, social e psicolóxico) ou programas dirixidos a mulleres vítimas da violencia. Estes son:

- Asistencia psicolóxica especializada: asesoramento, intervención en crise, terapia individual, terapia en parella, terapia grupal e terapia familiar.
- Asesoramento e apoio social: acollemento, procura de vivenda, asesoramento en recursos e solicitude de prestación económicas, escolarización e coidado das fillas e fillos, recursos de apoio social, saúde.
- Asistencia para a integración laboral.
- Asesoramento e asistencia xurídica: asesoramento a todo tipo de consultas penais e de dereito e de familia. Asesoramento e seguimento nos procesos penais e de familia. Asistencia nas xestións xurídicas que procedan.

3.10.2. Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI)

Consiste no coidado persoal das fillas e fillos menores de dez anos previa valoración económica da unidade familiar.

A solicitude faise a través do **Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller** cunha antelación mínima de 24 horas e está suxeito a unha serie de condicións

R/ Romil 20. 36203, Vigo
 Teléfono: 986 293 963 - Fax: 986 201 153
 info.muller@vigo.org
 Horario: De luns a venres de 10 a 14 h
 O xoves ademáis de 17 a 20 h



3.10.3. Recursos de acollemento e protección


→ Centro de emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero

É un recurso de acollemento de urxencia e de curta estancia (de 1 a 3 meses). Ofrece aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres (e ás súas fillas e fillos) que se atopan inmersas nunha situación de malos tratos, garantíndolles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

Para o ingreso no centro ten que:



- Ser vítima de malos tratos físicos, psíquicos ou sexuais.
- Atoparse en situación de perigo ou grave risco para a vida ou integridade física ou persoas dependentes.
- Ter presentado a correspondente denuncia, aínda que pode presentala despois de ingresar no centro, nun prazo aproximado de 48/72 horas.
- Ingreso ordinario por petición da usuaria, ou da petición doutra dependencia ou organismo (cims, policía local ou outras forzas e corpos de seguridade, institucións sanitarias, servizos sociais, outras casas de acollida municipais por razóns de seguridade, outras entidades e organismo de ámbito municipal ou supranacional).
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, enfermidade mental grave descompensada ou adición en activo que lle incapacite para a convivencia na casa.
- Non padecer enfermidade física que requira coidados especiais.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

→ Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero

Recurso de acollemento de media e longa estancia (de 6 meses a 1 ano). Está dirixido a mulleres maltratadas despois da súa estadía no centro de emerxencia. Son 3 vivendas propiedade do Concello de Vigo con 12 prazas en total.

Quen pode acceder:



- Mulleres vítimas de malos tratos que despois da súa estadía no centro de emerxencia carezan de vivenda e/ou recursos propios para facer fronte á súa situación. Se acollen ás persoas dependentes delas.
- O procedemento de ingresos iniciárase coa proposta motivada do equipo de profesionais do [Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller](#) que deberá ser remitida á concellería competente en materia de igualdade, que aprobará ou denegará o ingreso na vivenda, logo de ter en conta as valoracións efectuadas polos profesionais.



3.10.4. Prestacións económicas

A Concellería de Igualdade dispón dun orzamento propio para a concesión de axudas económicas para dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual que lles permitan afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura co agresor.


Estas axudas xestiónanse entre o **Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller** e a Concellería de Igualdade.



RECORDE!!!

Dá igual a súa situación administrativa, se é vítima de **violencia de xénero** ou coñece a alguén que estea nesa situación **denuncie**. No **Teléfono da Muller 986 293 963** pódena axudar, está atendido por persoal especializado as 24 horas do día.

Existe absoluta **confidencialidade** e **segredo profesional** en todo o proceso. Os seus datos están protexidos por lei e os ficheiros nos que se gardan están sometidos a unha alta protección e seguridade.



3.11. Xuventude

Se tes entre 14 e 30 anos existen para ti unha serie de servizos públicos aos que podes acceder. Para máis información sobre estes servizos dentro do Concello de Vigo pódese acudir a:

→ Oficina do Servizo de Xuventude

Este espazo recolle os recursos, espazos, direccións de interese, actividades e servizos destinados á xente nova do municipio de Vigo. A **Casa da Xuventude** é a súa principal infraestrutura e pon a disposición da mocidade viguesa, actividades e recursos adecuados ás súas necesidades e intereses.

R/ López Mora 31, 36211 Vigo

Teléfono: 986 294 806 - Fax: 986 294 934

www.xuventudevigo.org - xuventude@vigo.org

Horario da casa: de luns a venres de 8 a 15 e de 16.30 a 20.30 h

Horario de oficina: de luns a venres de 9 a 14 h

→ Punto Xove


Oficina de información e asesoramento xuvenil con persoal técnico especializado en: educación e formación, emprego, lecer e tempo libre, turismo, saúde, vivenda, asociacionismo xuvenil, ONG's e cooperación internacional. Tamén conta cun servizo de acceso libre a internet, espazo para exposicións, proxeccións, reunións, lectura ou estudo.

R/ López Neira, 27. 36202, Vigo (preto da rúa Príncipe)

Teléfono: 986 223 004

Horario: de luns a venres de 9.30 a 14 h e de luns a xoves de 17 a 20 h

www.xuventudevigo.org - puntoxove@vigo.org



→ **Orientación de emprego**

Para atender necesidades particulares con respecto ao emprego (asesoramento laboral, información personalizada, ofertas de traballo, local, estatal e internacional, emprego público e privado, traballo no estranxeiro, axuda na elaboración do teu currículo...) existe o Servizo de Orientación de Emprego ao que se pode acceder a través de:

■ **Casa da Xuventude-Servizo de Orientación**

Segundo andar.

Horario: luns a venres de 9 a 14 h e luns a xoves de 17 a 19.30 h
emprego.xuventude@vigo.org

■ **Punto Xove-Servizo de Asesoramento**

Planta baixa.

Horario: luns a venres de 9.30 a 14 h, e luns a xoves de 17 a 20 h.
puntoxove@vigo.org

Para solicitar cita ou información personalizada, recoméndase empregar o correo electrónico.

Para consultar enlaces e enderezos de interese acudir á epígrafe Xuventude da web do Concello de Vigo www.vigo.org.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.12. Emprego

Para acceder ao mercado laboral é necesario: ter máis de 16 anos, ter a correspondente autorización administrativa de traballo ou, se non se ten a dita autorización, residir de modo legal no territorio español.

Existen diferentes servizos e programas que che facilitan o teu proceso de **busca de emprego**:

→ **Catálogo de ocupacións de difícil cobertura.**

Este catálogo contén as ocupacións que os Servizos Públicos de Emprego non puideron cubrir. Son postos de traballos vacantes e existe a posibilidade de que unha persoa estranxeira poda tramitar unha autorización para residir e traballar solicitando unha destas vacantes.

O catálogo organízase por provincias e ten carácter trimestral. Para consultalo acudir a: **www.redtrabaja.es** > Información > Observatorio > Ocupaciones de difícil cobertura

→ **Instituto Nacional de Empleo - Servicio Público de Emprego Estatal (INEM) ou no Servicio Galego de Colocación (SGC).**

Uns dos primeiros pasos na procura de emprego no caso de atoparse en situación de residencia legal e ter autorización de traballo é acudir a un de estes dous servizos que realizan funcións de intermediación entre a oferta e a demanda de emprego. A través da súa rede de oficinas de emprego, ofrecen atención personalizada aos traballadores e ás traballadoras para a mellora e calidade da súa inserción laboral e aos empresarios e ás empresarias para atopar os traballadores e traballadoras co perfil adecuado para cubrir os postos de traballo que oferten. No Concello de Vigo existen as seguintes oficinas:

Oficina de Emprego Calvario


R/ Gregorio Espino, 52. 3 porta.
36205, Vigo
Teléfono: 986 265 355
maria.isabel.alaez.hoyos@xunta.es

Oficina de Emprego Sanjurjo Badía

R/ Sanjurjo Badía, 35. 36207, Vigo
Teléfono: 986 265 361
fernando.villamarin.alvarez@xunta.es

Oficina de Emprego López Mora

R/ López Mora, 50. 36211, Vigo
Teléfono: 986 213 604
nuria.cruces.cerviño@xunta.es



→ Servizo de Emprego Local

Atende tanto ás persoas na procura de emprego como ás que desexan crear unha empresa. Solicítase cita previa no número 986 810 232.

Praza do Rei 1, 4º andar. 36202, Vigo.
Teléfono: 986 810 232. Fax: 986 810 162

**→ Servizo de Asesoramento a Persoas
Emprendedoras (SAE)**

Dependendo da Concellaría de Promoción Económica e Emprego pon a disposición das persoas emprendedoras asesoramento por profesionais de probada experiencia en diversas áreas (fiscal, laboral, contable, xurídica, económica, financeira) e información sobre as axudas económicas existentes para a creación de empresas e/ou emprego.

R/ Cánovas del Castillo, 2 2ª planta. 36202 Vigo
Teléfono: 986 443 749
sae@vigo.org

**RECORDE!!!**

Dentro da **web do Concello de Vigo** pódese atopar máis información sobre os diferentes programas en materia de **emprego** e tamén un **Directorio** con enderezos webs útiles na busca de emprego. Pode consultarse en: **www.vigo.org** > Inicio > Cidadanía > Emprego Local > Enlaces de interese



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

→ Empresas de traballo temporal (ETT)

Existen tamén as chamadas empresas de traballo temporal ou ETTs que ofrecen empregos por un período determinado e poden ser unha forma máis de tomar contacto co mercado laboral.

→ Formación ocupacional

Se vostede se atopa en situación de desemprego pode acudir a un centro de formación ocupacional onde teñen lugar diferentes actividades formativas e cursos que poden facilitar a súa entrada no mundo laboral. No caso de Vigo hai que dirixirse a:

Centro Integrado de Formación Profesional de Coia

R/ Baiona, 28. 36209, Vigo

Teléfono: 986 293 429 - Fax: 986 210 912

cifp.coia@edu.xunta.es

Esta institución funciona como un centro integrado de formación ocupacional, de formación continua e de formación regrada.



Dentro de España existen unha serie de dereitos de cara aos traballadores e ás traballadoras:

Unha vez que acceda ao mercado laboral debe saber que, segundo o **Estatuto dos traballadores** que é o marco legal das relacións laborais, todos os traballadores e traballadoras, con independencia da súa orixe, teñen os mesmos dereitos e obrigas no traballo. Non pode existir discriminación laboral nin salarial por razón de orixe.


Dependendo do sector de actividade no que traballe vai atopar diferentes convenios colectivos con condicións variables en relación ás xornadas laborais, ás vacacións ou salarios. Ningún salario pode ser inferior ao salario mínimo interprofesional. Para un mesmo traballo homes e mulleres deben recibir a mesma remuneración. A Inspección de Trabajo é o organismo encargado de que se cumpran estes dereitos. En Vigo a dirección e o teléfono de inspección de traballo son:

Inspección de Trabajo

Avda. Cánovas del Castillo, 18. 36202, Vigo
Teléfono: 986 430 600

Se traballa por conta allea a empresa e vostede subscribirán un **contrato** de traballo onde constará a categoría, o posto de traballo, o salario e a duración do contrato. A empresa debe darlle unha copia do contrato unha vez firmado e debe cumprir as cláusulas contractuais acordadas. Mensualmente a empresa entregaralle unha folla de salario (“nómina”) onde constan as diferentes partidas de salario a percibir, seguridade social, retención de impostos...

Conserve estas follas de salario xa que lle permiten coñecer o seu soldo e como se calcula; serven ademais coma comprobantes en moitos trámites de estranxeiría.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Calquera persoa residente, sexa cal sexa a súa idade ou nacionalidade, pode unirse a un **sindicato** se o desexa.

Todo traballador e traballadora que cotiza durante un ano ten dereito a unha prestación por desemprego, axudas familiares, etc. Un repaso dos puntos do teu convenio de traballo axudarache a coñecer os teus dereitos e acceso a prestacións.

O sistema da Seguridade Social dispón dun informe da súa vida laboral que contén información respecto ás baixas e altas que tivo no mercado laboral e sobre os diferentes empregos que tivese. Pode solicitalo no teléfono 901 502 050.



RECORDE!!!

Se ten máis de 16 anos para exercer calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia ou allea, necesitará a correspondente autorización administrativa.

É unha infracción traballar sen ter o permiso de traballo, a autorización administrativa previa a traballar ou un permiso de residencia válida. A falta de autorización do empresario ou empresaria non invalidará o seu contrato de traballo, nin será obstáculo para a obtención das prestacións que puidesen corresponderche.

Para acceder á oferta de postos de traballo é necesario demandar aquela profesión que máis pode axustarse á súa formación e capacidades.

3.13. Remesas e finanzas

Unha das primeiras recomendacións para unha persoa estranxeira é abrir unha conta bancaria xa que con ela pode recibir os seus ingresos, realizar remesas ou xiros internacionais, domiciliar o pago do alugueiro ou dos pagos de luz ou auga sen temor a perdas ou roubos.

→ Contas bancarias

Para abrir unha conta nun banco ou caixa é necesario achegar un documento de identificación, normalmente o pasaporte. Os/as titulares da conta teñen acceso a todos os servizos bancarios que ofrezca a entidade, tarxetas de débito ou envío de remesas por transferencia.

→ Remesas

Para enviar unha remesa ou xiro internacional pode utilizarse o sistema postal, empresas privadas ou ben transferencias ou outros produtos bancarios, para o que se necesitará dispor dunha conta. Os pasos a seguir son:

- Cubrir unha solicitude onde consten todos os datos de identificación tanto do emisor coma do receptor.
- Pagar á entidade coa que se realiza o envío o custo do servizo que é variable en función dos tipos de cambio e dos mercados.
- Entregar os cartos que se queren enviar a cambio dun recibo onde teñen que estar especificados o nome da entidade, a cantidade entregada e as condicións da operación.

Na actualidade existe un importante número de bancos e caixas de aforro que ofrecen varios servizos dirixidos á poboación de orixe estranxeira, entre eles o envío de cartos e os préstamos hipotecarios para a compra de vivenda.



RECORDE!!!

Antes de tramitar unha remesa ou xiro internacional por medio de entidades non bancarias ou empresas autorizadas convén preguntar os custos e condicións do servizo en entidades diferentes, xa que estes poden presentar grandes variacións.

Recoméndase ademais, conservar a factura ou o recibo da operación realizada xa que este serve como comprobante no caso de calquera reclamación e podería servir, nalgún caso moi concreto, como comprobante do tempo de permanencia dentro do territorio do Estado español.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

3.14. Transportes

Existen diferentes modos de desprazarse dentro do concello de Vigo. No servizo de transporte público hai as redes de autobuses e tren e no ámbito privado hai os vehículos particulares e os servizos de taxis.

3.14.1. Autobuses

O Concello de Vigo dispón na actualidade dunha flota de 116 **autobuses urbanos** que permiten a comunicación entre os principais barrios e parroquias. Existen ademais servizos especiais de autobús turístico, nocturno e de praias. Para máis información:

Información de horarios e rutas: 986 291 600 - Atención ao viaxero: 986 207 474
www.vitrasa.es

Línea C1 (exemplo)



Estas liñas de autobuses regulares circulan entre as 6 e as 23 horas aproximadamente. A súa frecuencia horaria adoita a ser de cada 10 minutos os días laborais, 15 os sábados e 30 minutos os domingos e festivos.

O Concello de Vigo subvenciona parte deste servizo de transporte a través das **Tarxetas de Transporte**. Con estas tarxetas vostede beneficiase dunha tarifa reducida e do transbordo entre liñas. Existen diferentes tipos de tarxetas, pero se vostede non pertence a ningún colectivo específico (estudante, universitario, pensionista, ou persoas con mobilidade reducida) pode solicitar a tarxeta de transporte normal. Os requisitos son:



- Cubrir impreso de solicitude cuberto que se atopa ó seu dispor en calquera das oficinas de Caixanova en Vigo e Chapela.
- Entregar o impreso en calquera das oficinas de Caixanova en Vigo e Chapela.
- Recoller a tarxeta en calquera das oficinas de Caixanova nas que se recargan as tarxetas.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Outra vantaxe deste tipo de abonos de transporte é que permiten combinar dúas liñas de transporte, permitindo ao usuario unir dou puntos da cidade que non teñan comunicación directa. É preciso ter en conta o seguinte:

- Só se pode realizar mediante o uso da tarxeta de transporte.
- Unha vez validada a primeira viaxe, dispónse de 45 minutos para facer, como máximo, 2 transbordos a outras liñas.
- O transbordo só é válido cando o cambio é a unha liña de distinta numeración que a de orixe. No caso de facer 2 transbordos, as 3 liñas deben ser distintas.

Para consultar os puntos onde é posible recargar a tarxeta ver a páxina web www.vitrassa.es. (Fonte: www.vitrassa.es a data de 21 de marzo de 2010).

No caso de **traxectos longos**, Vigo enlaza con Madrid, Barcelona, Asturias, Bilbao, Irún, San Sebastián, Zaragoza, Extremadura, Andalucía... Existen rutas internacionais de autobuses cara a Portugal (O Porto, Lisboa e Algarve), Francia, Suíza, Bélxica, Holanda, Dinamarca e Alemaña.

Para desprazamentos dentro de **Galicia** existen ademais unha serie de liñas regulares que conectan Vigo co resto das cidades galegas e coas principais localidades da comarca. Para consultar as dispoñibilidades e horarios pode dirixirse á propia estación de autobuses (abaixo indicada) ou ben chamar ao seguinte teléfono 902 292 900 ou na ligazón www.monbus.es.

Estación de autobuses de Vigo

Avenida de Madrid, 57
Teléfono: 986 373 411
www.vigobus.com

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira



3.14.2. Trens

A rede ferroviaria establece conexións diarias entre Vigo e as cidades veciñas: Ourense, Pontevedra, Compostela, A Coruña e O Porto. Ademais a oferta inclúe expresos e talgos cada día cara a Madrid e Barcelona, e trens directos a León, Ponferrada, Bilbao e Alacante.

Estación de trens

Praza da Estación s/n.

Atención ao cliente: 986 269 403

Información nacional: 902 240 202

Información internacional: 902 243 402

www.renfe.es

3.14.3. Vehículo particular

No caso das persoas estranxeiras poden conducir un vehículo particular dentro do Concello de Vigo sempre que se dea algunha das seguintes situacións:

- Turistas dentro do territorio do Estado español con
 - Permiso de Conducir en vigor.
 - Permiso Internacional de Conducir emitido no seu país ou tradución do permiso nacional ao castelán (non é necesario no caso de permisos emitidos na Unión Europea).
- Residentes no territorio do Estado español. As persoas estranxeiras residentes só poden circular cos documentos anteriormente descritos durante un período de seis meses. Despois necesitan un permiso de conducir español.

Existen unha serie de países cos que existe na actualidade convenio para o **troco dos permisos**. Para máis información acudir a:

Xefatura Local de Tráfico de Vigo

R/ Regueiro, 15. 36211 - Vigo

Horario: de luns a venres, de 9 a 14 h

Caixa: de 9 a 13.30 h.

Teléfonos: 986 414 046 / 986 414 047- Fax: 986 413 085
oltvi@dgt.es

3.14.4. Taxis

As tarifas están estipuladas e cada vehículo ten que levar un taxímetro visible que marque o custo exacto da viaxe. Pódese solicitar un servizo de taxi nos seguintes teléfonos:

Central radio taxi: 986 470 000 / 986 470 033

Radio taxi servizos: 986 272 829

Radio taxi Vigo: 986 252 700 / 986 272 999 / 986 266 377

3.14.5. Aeroporto

O aeroporto de Vigo está situado a 10 km do centro da cidade. Conta cunha ampla oferta de voos regulares a Madrid, Barcelona, Bilbao, Canarias, Alacante, Sevilla, Baleares, Valencia e Málaga; e voos internacionais a París.


(Fonte: www.aena.es, a data de 21 de marzo de 2010).

Aeroporto de Peinador

Avenida do Aeroporto s/n.

Teléfono: 986 268 200

www.aena.es



RECORDE!!!

No caso dos autobuses e os trens podes consultar a posibilidade de mercar “abonos” que son títulos de transporte cun número de viaxes determinadas ou cunha duración de tempo limitada e que saen máis baratos que mercar cada unha das viaxes individualmente.

É moi importante conservar estes abonos ou tarxetas de viaxe xa que en ocasións, poden servir como acreditación do **tempo de permanencia dentro do territorio do Estado español** no caso de tramitar o permiso de residencia no futuro.

3.15. Outras administracións públicas que traballan con inmigración

- **Ministerio de Trabajo e Inmigración**
www.mtin.es

- **Ministerio do Interior**
www.mir.es

- **Ministerio de Política Territorial**
www.mpt.es

- **Secretaría Xeral de Emigración. Xunta de Galicia.**
R/ Basquiños, 2. 15704, Santiago de Compostela
Teléfono: 981 957 158
www.galiciaaberta.com

- **Servizo de Información Cidadá da Xunta de Galicia:**


Servizo para obter principalmente información xeral sobre diferentes procedementos administrativos: bolsas, subvencións, axudas, oposicións, etc. Dispoñible dentro de Galicia.

Teléfono de Información e Atención ao cidadán

- **012:** para chamadas dentro da comunidade galega. De luns a venres de 8 a 20 h e sábados de 10 a 14 h.

- **902 120 012:** chamada desde fóra da comunidade ou a través dun teléfono móbil. De luns a venres de 8 a 20 h. e sábados de 10 a 14 h.

- Correo electrónico: **012@xunta.es**



→ Seguridade cidadá. Policía.

Todas as persoas que sufran accidentes ou agresións en Vigo deben acudir inmediatamente a unha comisaría de Policía e poñer a denuncia correspondente.

Existen diferentes corpos policiais: a policía local e a policía nacional.

■ **Policía local:** O seu ámbito de actuación é o municipio e entre as súas funcións están as seguintes:

- Protexer ás autoridades das corporacións locais e vixilancia ou custodia dos seus edificios e instalacións.
- Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no centro urbano, de acordo co establecido nas normas de circulación.
- Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do centro urbano.
- Policía administrativa no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.
- Participar nas funcións de policía xudicial
- A prestación de auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, na execución dos plans de protección civil.
- Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delituosos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.
- Vixiar os espazos públicos e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa policía das comunidades autónomas na protección das manifestacións e o mantemento da orde en grandes concentracións humanas.
- Cooperar na resolución de conflitos privados.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

A súa oficina principal está en:

Xefatura da Policía Local

Praza do Rei, 1. 36202, Vigo

Información: 986 810 286 - Oficina de denuncias: 986 810 309

■ **Policía Nacional:** Depende do Estado e ademais de funcións de vixilancia e de garantía da seguridade cidadá, no ámbito da estranxeiría ocúpase de:

- Da expedición dos documentos nacionais de identidade, dos pasaportes e das tarxetas de estranxeiros; en xeral, de todo o relativo a documentación dos cidadáns e cidadá estranxeiros/as en España.
- Do control da entrada e saída do territorio estatal de persoas de nacionalidade española e estranxeira.
- Da investigación das redes de inmigración ilegal.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

En Vigo existen catro comisarias da policía nacional:

Comisaria Policía Nacional

R/ López Mora, 39 36211 Vigo
Teléfono 986 820 236

Comisaria Policía Nacional

Aeroporto de Peinador, s/n
Teléfono: 986 268 224

Comisaria Policía Nacional

R/ Luis Taboada, 3 36201 Vigo
Teléfono: 986 820 296

Comisaria Policía Nacional

Estación Marítima, s/n (Peirao de Transatlánticos). 36202, Vigo
Teléfono: 986 432 869

➔ **Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC)**

Ten como finalidade facilitarlles información aos consumidores e ás consumidoras sobre os seus dereitos e orientar ás asociacións de consumidores e entidades profesionais.

Nesta oficina, aténdese calquera problema, consulta e denuncia referente ao mundo do consumidor (etiquetado incorrecto, aditivos, fraude comercial, vendas a domicilio, contratos de seguros e vivenda, asistencia médica incorrecta, recibos de servizos: luz, teléfono, gas...).

Concello de Vigo

Praza do Rei, 1, 2º andar. 36202, Vigo
Teléfono: 986 810 119 - Fax: 986 810 172
Horario: de 9 a 13.30 h



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

→ Teléfonos de emerxencias

No caso dalgunha emerxencia pode utilizar os seguintes teléfonos:


- Centro Coordinador de Emerxencias: **112**
- Ambulancias: **061**
- Bombeiros: **080** ou **986 433 333**
- SOS Galicia: **900 444 222**
- Emerxencias da Cruz Vermella: **986 222 222**
- Policía Local: **092** ou **986 810 101**
- Policía Autonómica: **986 266 158**
- Policía Nacional: **091** ou **986 820 200**
- Garda Civil: **062** ou **986 425 900**
- Protección Civil: **986 222 002**

(Fonte: www.policia.es e www.vigo.org. Data de actualización: 21 de marzo de 2010)



RECORDE!!!

Non todos os tipos de entidades que garanten a seguridade cidadá teñen as mesmas funcións. Por exemplo, a policía local actúa no concello e a policía nacional é a que ten máis competencias sobre a materia estranxeiría. Existen tamén outros corpos de seguridade como a Garda Civil, que actúa en ámbitos máis rurais.







4. VIVIR EN VIGO

VIVIR EN VIGO

Se na primeira parte de esta “Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira” ofrecíase unha información completa e detallada dos recursos e servizos de interese para todas as persoas de procedencia estranxeira residentes no Concello de Vigo, nesta segunda parte o obxectivo é facilitar á incorporación de todos e todas de cada un dos acabados de chegar á vida cotiá da cidade. Dende o Concello de Vigo queremos contribuír tamén á adaptación das persoas ao novo contorno, lingua, usos e costumes. Por tanto, intentaremos explicar brevemente aqueles aspectos da convivencia que convén coñecer dende o primeiro día.

A nosa intención é ofrecer, dunha forma sinxela e práctica, información que lle axudará a coñecer mellor a súa cidade así como as oportunidades que esta lle ofrece. “Vivir en Vigo” trata de poñer á súa disposición coñecementos e habilidades sociais para desenvolver con éxito os seus proxectos de vida na nosa cidade.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

4.1. Identidade

Vigo naceu cara ao mar. O mar é tanto a orixe da riqueza da cidade coma elemento de cohesión imprescindible para o desenvolvemento futuro. Situada na ría e cun marco natural incomparable, a cidade conta con todas as posibilidades para que a calidade de vida dos seus habitantes estea entre as mellores do mundo.

Vigo ten unha poboación de case 300.000 habitantes aínda que, en realidade, a diario viven, traballan e estudan nesta cidade case medio millón de persoas, representando o 32% da poboación da provincia de Pontevedra e o 12% da poboación de Galicia.

Ademais de ser a cidade máis poboada de Galicia, é tamén a que maior fluxo migratorio rexistrou en toda a súa historia. Durante as últimas décadas foi unha das cidades europeas con maior crecemento de poboación.

Vigo é unha urbe moi nova e está situada na metade da ría, á que dá o seu nome. A ría de Vigo é unha das Rías Baixas e conta con numerosas praias moi concorridas no verán.

O municipio de Vigo ten 110km² e esténdese sobre unha xeografía moi accidentada. Está presidido polo monte do Castro e na súa superficie mestúrase unha consolidada estrutura urbana cunha gran cantidade de parroquias rurais máis pequenas.

Xeralmente soleada, con veráns cálidos pero non sufocantes, Vigo goza dun microclima dentro de Galicia.



4.2. Datos básicos

Situación _____	42º 14´ Norte, 8º 45´ Oeste
Extensión _____	110 km ²
Poboación _____	298648 **
Densidade _____	2.725 habitantes km ²
Pluviosidade media _____	1400 litros / m ² ao ano
Temperatura media _____	15º C
Poboación estranxeira _____	17370

* Fonte www.vigo.org á data 21.03.2010
 ** Padrón Municipal de Habitantes de Vigo 10.01.2009
 *** INE, Padrón municipal de habitantes á data 10.02.2010

4.3. Organización administrativa

Para entender o sistema político e administrativo co que terá que relacionarse ao fixar a súa residencia na cidade de Vigo, habería que comezar por explicar que o Estado español é un **estado democrático social e de dereito** no que viven máis de corenta e seis millón de persoas. Isto quere dicir que o seu goberno está formado por representantes elixidos libremente pola cidadanía e que existen unha serie de dereitos e deberes comúns a todos os cidadáns e cidadás tanto nacionais como estranxeiros/as. Estes dereitos e deberes están recollidos na Constitución de 1978, que é a lei fundamental do Estado español.

O territorio español está dividido en diferentes **comunidades autónomas** cada unha delas formada por unha ou varias provincias. En concreto existen 17 comunidades autónomas, 50 provincias e as 2 cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Cada comunidade autónoma ten un Parlamento e un Goberno autonómico. O Parlamento autonómico é unha asemblea formada por representantes elixidos libremente polos/as cidadáns/cidadás. A lei máis importante da Comunidade Autónoma Galega é o Estatuto de Autonomía, que outorga autonomía para legislar, competencias executivas ao tempo que expresa a identidade colectiva do pobo galego.

Galicia ten 4 provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Cada unha delas está organizada en municipios. Dentro da provincia de Pontevedra atópase o municipio de Vigo.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Os concellos son a administración pública máis próxima aos cidadáns e cidadás. Cada municipio ten o seu concello. Os concellos son a administración pública máis próxima aos cidadáns e cidadás e dende este préstanse os servizos que legalmente ten que dar aos cidadás e cidadás en función do número de veciños de cada municipio (alumeado público, abastecemento de auga, transporte público, etc...).



Por último é necesario mencionar tamén que o Estado español forma parte da **Unión Europea** dende 1986. Esta asociación de países está formada por 27 estados que colaboran no seu desenvolvemento económico e no ámbito político para intentar mellorar a vida dos seus cidadáns.

4.4. A poboación á que chega

Nada máis chegar a Vigo é moi importante que dedique algo de tempo a coñecer a poboación onde residirá no futuro. O **Concello** é a administración máis próxima e existen unha serie de servizos e recursos tratados do que debe informarse. Están tratados con detalle na epígrafe de “**Servizos e recursos**”; entre outros están: servizos sociais, alumeado público, abastecemento de auga, transporte público, etc...

O Concello tamén é o encargado de celebrar matrimonios civís. No caso de nacementos e defuncións é preciso acudir ó **Rexistro Civil** e para tramitar a repatriación dun defunto ao seu país de orixe, acódese ao consulado correspondente a iniciar o expediente. Todos estes trámites deben comunicarse ao consulado do seu país de orixe.

Unha vez que atope unha **vivenda na que instalarse** pode comezar a prestar atención aos diferentes servizos con que conta no seu barrio ou zona. Un aspecto importante é ir ás **compras**. Estas poden realizarse en grandes superficies, supermercados ou en pequenos comercios máis próximos. En todos os casos é importante revisar sempre o recibo de caixa e gardalo para posibles reclamacións, así como comprobar a data de caducidade no caso dos produtos alimenticios.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

O horario dos establecementos dedicados á prestación de servizos (locutorios, restaurantes, salóns de peiteados...) é libre de apertura e peche. Sen embargo, aqueles establecementos dedicados á venda ao público de mercadorías (supermercados, tendas de roupa...) cumpren un horario de 90 horas semanais e pechan sempre os domingos e festivos. Existen excepcións coma no caso de produtos de pastelería, pan, pratos preparados, prensa, combustibles e carburantes e no caso tamén das tendas de conveniencia que soen ter un horario moito máis amplo.

Dentro do Concello de Vigo existen moitas **actividades** diferentes nas que podes participar ao tempo que coñeces a outras persoas e facer amizades. A maioría dos barrios están dotados dalgún tipo de instalación polideportiva e, se quere practicar un deporte, pode poñerse en contacto con clubs ou asociacións deportivas.

No caso dos nenos e das nenas, ademais das actividades extraescolares que pode ofrecer o seu **centro educativo**, existen agrupacións e entidades de tempo libre que organizan excursións e saídas nas que pode inscribir aos seus fillos e fillas. A mocidade ten tamén o seu propio espazo de ocio, O Castro, no que se programan diferentes **actividades de lecer e tempo libre**.

Vigo conta tamén cunha ampla rede de bibliotecas públicas (cun servizo gratuito de préstamo de libros que é preciso devolver no prazo establecido) e cunha gran oferta cultural que inclúe música, exposicións e salas de cine.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

4.5. A vida en familia

Na cidade de Vigo, coma en toda Galicia, existen diferentes tipos de unidades familiares e todas elas son responsables da educación e a transmisións de valores dentro da propia familia e por extensión na sociedade.

No que afecta á parella existen diferentes **tipos de unións**: matrimonio (pode celebrarse de forma civil ou relixiosa) ou parella de feito. Independentemente do tipo de vínculo, e de que este exista ou non, as relacións entre homes e mulleres en España son igualitarias o que quere dicir que ningún dos membros pode impoñer a súa vontade sobre o outro. Tamén está recoñecido o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. A lei persegue ás agresións físicas ou psicolóxicas que se produzan dentro da familia xa sexan contra os/as menores que a integran coma contra a **muller**. Do mesmo modo, en España están prohibidas todas as prácticas culturais que atenten contra a dignidade das persoas e os dereitos humanos.

En relación aos **fillos e ás fillas**, a súa tutela é compartida entre o pai e a nai, polo que as decisións que lles afecten teñen que ser tomadas de mutuo acordo. En España, con independencia das leis do país do que proceda os dous teñen a custodia. No caso de separación ou divorcio é a sentenza a que dita quen ten a custodia.

Os pais e nais continúan decidindo conxuntamente sobre todo aquilo que afecte aos seus fillos e fillas, agás no suposto de que exista unha resolución xudicial retirando a patria potestade a algún deles. Cando falamos do coidado de nenos e nenas pequenas é moi importante saber que estes teñen que estar sempre atendidos e baixo a supervisión dun adulto, tanto dentro da súa propia vivenda (para previr posibles accidentes domésticos) como no momento de efectuar algún desprazamento ou saír á rúa.

Se existe algún impedimento ou problema que impida facerse cargo de maneira axeitada dalgún/ha menor de idade é necesario acudir aos **servizos sociais** municipais en busca de axuda.



É moi importante tamén consultar os programas de axudas dispoñibles para as familias. Estas axudas comprenden diferentes ámbitos como, por exemplo, **vivenda, conciliación laboral e familiar, asistencia a persoas discapacitadas, familias numerosas, escolarización**, etc.

En España a **maioría de idade** alcánzase aos 18 anos. Esta implica plena capacidade xurídica e de actuación. Existe un suposto de emancipación a partir dos 16 anos polo que un menor pode asumir capacidades similares ás da maioría de idade (excepto en determinados actos de disposición patrimonial que necesita a autorización dos pais). Para estar legalmente emancipado o menor e a menor ten que contraer matrimonio, ter unha declaración xudicial ao respecto ou unha concesión dos seus proxenitores.



RECORDE!!!

A lei no Estado español persegue as agresións físicas ou psicolóxicas que se producen dentro do ámbito familiar, xa sexa contra os nenos ou nenas como contra as mulleres. Se coñecemos estas situacións, todas e todos os cidadáns estamos obrigados a comunicalas.

4.6. A súa vivenda

No capítulo denominado “**Vivenda**” da primeira parte desta guía explicáronse profundamente os programas e axudas existentes no Concello de Vigo en relación ao acceso a vivenda, ao tempo que se indicaban os organismos aos que dirixirse en caso de dúbidas neste campo.

Nesta epígrafe o obxectivo é explicar, dunha maneira sinxela, os procesos máis habituais para atopar un piso ou vivenda axeitados, así como as normas básicas de convivencia entre veciños e veciñas unha vez que se entra a vivir nel.

Atopar unha vivenda axeitada é un proceso que leva tempo. Xa sexa en réxime de **compra** ou de **aluguer**, a vivenda representa un gasto moi importante do orzamento familiar que pode chegar a supoñer ata a terceira parte dos ingresos mensuais. É importante tomar o tempo necesario para buscar no mercado unha boa opción que responda ás súas necesidades.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

No caso do **aluguer** establécese un contrato entre dúas partes: a persoa que aluga a vivenda (que se chama arrendatario/a ou alugador/a) e a persoa propietaria (que se denomina arrendador ou propietario). Alugar un piso significa vivir nel a cambio de pagar un importe mensual ao seu propietario/arrendador.

Existen diferentes maneiras de buscar unha vivenda de aluguer. A máis común é falar con amigos/as e coñecidos/as por se saben dalgún piso con posibilidade de ser alugado, consultar as seccións inmobiliarias dos xornais e revistas ou dirixirse aos axentes da propiedade inmobiliaria, axencias inmobiliarias ou administradores/as de fincas.

Normalmente existe unha serie de documentación que é necesaria presentar para poder alugar unha vivenda: documentación de identidade (pasaporte, tarxeta de identidade, carné), permiso de residencia e traballo, copia do contrato de traballo, e, en moitas ocasións, un aval. No caso dun aval persoal unha terceira persoa comprométese por escrito a efectuar o pago do aluguer en caso que o/a arrendatario/a non poda asumilo; se falamos dun aval bancario é a propio banco ou caixa do arrendatario o que asume o risco.

Antes de asinar o contrato de aluguer é moi importante ler atentamente todas as condicións que figuran no mesmo.

O pagamento do aluguer realízase unha vez ao mes directamente ao propietario ou administrador mediante domiciliación nun banco ou caixa. Debe conservar tanto o contrato como os recibos mensuais xa que estes poden servir coma xustificantes para determinados trámites administrativos ou para darse de alta en determinados servizos coma por exemplo a luz ou o teléfono.

A duración do contrato de aluguer da vivenda pódese pactar libremente polas partes. Se ese prazo é inferior aos 5 anos, a Lei de arrendamentos urbanos vixente obriga ao propietario ou arrendador a prorrogar ano tras ano o contrato ata completar o prazo de 5 anos, a non ser que o alugador ou arrendatario non estea interesado/a.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Sen embargo, o **aluguer de pisos ou casas amobladas**, as vivendas de temporada e as consideradas segundas residencias non están sometidas a esta Lei senón ao Código Civil e, nestes casos, a duración pode ser dun ano ou períodos inferiores sen que nada obrigue aos propietarios/as a prorrogar os contratos.

Se pasados os 5 anos de contrato ningunha das partes realiza manifestación en contra, coma mínimo un mes antes, establécese unha prórroga no contrato de 3 anos (a menos que o/a arrendatario/a manifestase a vontade de non renovalo un mes antes da finalización de calquera das anualidades).

Se se aluga un piso rexido pola Lei de arrendamentos urbanos, o contrato non se pode rescindir ata que remate o tempo acordado, a menos que se chegue a un pacto co/a propietario/a. Se se quere cambiar de vivenda antes da finalización do dito contrato o/a propietario/a pódelle esixir o cumprimento total do contrato ou o pago do aluguer.

É unha práctica habitual que antes de entrar a vivir na nova residencia o/a propietario/a solicite un depósito que normalmente equivale a dous ou tres meses de aluguer. É unha garantía que permite facer fronte aos posibles honorarios do/a axente ou intermediario/a. Este importe devolveráselle ao arrendatario/a cando se cambie de residencia, sempre que deixe a vivenda alugada en boas condicións.

Para máis información sobre os custes e obrigas derivadas do aluguer pode dirixirse aos axentes da propiedade inmobiliaria, ás axencias inmobiliarias ou aos administradores de vivendas. Estas axencias non cobran por informar, pero se no caso de que vostede alugue unha vivenda a través da súa intermediación, neste caso a comisión pode ser equivalente a un mes de aluguer. Outra opción de consulta é a **Oficina de atención ao Consumidor**.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

As unidades familiares cun nivel de ingresos limitados poden dirixirse directamente ao Concello ou ben aos **servizos sociais** municipais para coñecer as posibles axudas que para o alugueiro se podan solicitar.


Se o feito de alugar un piso xa supón un esforzo económico considerable, a compra dunha vivenda é unha decisión que esixe unhas consideracións previas. Por unha banda, é moi aconsellable contar con algún patrimonio ou aforro previo e comparar sempre os gastos e os ingresos dos que se dispón. Unha vez realizadas estas comprobacións, o sistema máis habitual é solicitar un préstamo hipotecario a un banco ou caixa de aforros que ten que se devolver no tempo acordado. En ocasións existen tamén axudas por parte das diferentes administracións, para consultalas pode dirixirse ao **Punto de Información Vivenda do Concello de Vigo**.

Antes de adquirir unha vivenda é necesario verificar no Rexistro da Propiedade para comprobar que está libre de cargas. Existen dous tipos de vivendas no mercado: as de nova construción e as de segunda man, cada unha delas está suxeita a diferentes impostos e taxas.

A adquisición dunha vivenda pode facerse a través dun documento privado ou dun contrato de compravenda. En ambos os dous casos, un notario ten que emitir unha escritura pública que formalice legalmente a compra.

Tanto se é propietario/a coma arrendatario/a, é moi aconsellable ter un **seguro** do fogar para protexer a súa vivenda contra roubos, incendios, inundacións ou outros posibles accidentes que poidan ocorrer e que lle afecten ou ben a vostede ou a algún do seus veciños e veciñas.

Cando vostede aluga ou compra un piso ten que saber que en cada inmovible existe unha serie de normas comúns a toda a **comunidade de veciños e veciñas** que o habita. Este grupo de veciños e veciñas tamén convoca reunións periódicas as que é moi recomendable acudir a informarse e esixe unha pequena cota ao mes (de carácter obrigatorio) para o seu mantemento. O regulamento da comunidade veciñal ten que cumprirse para garantir unha boa convivencia no barrio. Normalmente inclúe indicacións sobre como utilizar espazos e servizos comúns, sobre os aparcadoiros ou como efectuar a **recollida do lixo**.



Cabe sinalar a importancia de manter as rúas limpas e non deixar nelas obxectos voluminosos. O Concello de Vigo conta cun servizo de recollida de obxectos que ofrece un teléfono de información a disposición de todos os cidadáns: Teléfono de recollida de mobles e aveños (obxectos): 986 485 682.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Para a recollida do lixo é preciso saber varias cousas: ten que ser depositada en bolsas de plástico pechadas, dentro dos colectores habilitados para iso e no horario aconsellado. Na cidade de Vigo existe un servizo de reciclaxe polo que se recomenda separar, xa dentro da casa, os seguintes materiais do resto do lixo: vidro, papel e cartón, plástico e latas. Existe un colector de lixo para cada tipo de material:

- Vidro → **colector verde claro** ■
- Papel e cartón → **colector azul** ■
- Plástico, latas e outros envases → **colector amarelo** ■
- Restos orgánicos → **colector verde escuro** ■

O **barrio** no que vive vai ser o contorno de referencia no seu proceso de integración en Vigo. Mercar, o ocio, as relacións sociais que establezan nel van depender en moita medida do seu esforzo en manter unha convivencia harmónica dentro da veciñanza. É importante entón respectar o descanso dos demais, manter limpas as súas rúas, coidar as súas infraestruturas (parques, mobiliario urbano) e respectar as normas comúns.



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

4.7. A saúde

Como xa se mencionou no capítulo “**Sanidade**”, na epígrafe de “**Servizos e recursos**” a asistencia sanitaria en España é gratuíta, e o único requisito para beneficiarse dela é estar inscrito no [padrón municipal de habitantes](#).

Sen embargo, existen outra serie de cuestións máis relacionadas co ámbito da saúde e da prevención que tamén convén tratar como, por exemplo; o acceso aos medicamentos, á planificación familiar e ás vacinas.

Os **medicamentos** cómpranse nas farmacias mostrando a prescrición feita polo médico correspondente e a **tarxeta sanitaria** do/a paciente. Pódense atopar farmacias en calquera barrio, todas elas teñen un horario moi similar ao do resto dos establecementos comerciais coa diferenza que, por lei, unha delas sempre ten que permanecer aberta durante a noite. Para saber cal é a farmacia de garda no seu barrio ten que dirixirse a aquela que estea máis preto da súa casa onde poderá consultar a lista de farmacias abertas.

A **planificación familiar** é un aspecto moi importante para a súa saúde e a da súa familia. En Vigo e, en xeral, dentro do territorio español utilízanse habitualmente medios anticonceptivos que, ademais de protexer contra enfermidades de transmisión sexual coma o VIH, permite escoller o número de fillos e de fillas que se queren ter e o momento de telos. O seu médico no centro de saúde poderá indicarlle que método pode resultar máis axeitado tendo en conta factores coma a idade e o estado de saúde. A utilización des-



Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

tas medidas anticonceptivas é moi importante para evitar embarazos non desexados ou casos de abandonos de meniños acabados de nacer, feito que constitúe ademais un delito moi grave.

Os centros de planificación familiar (dos que pode informarse a través do seu centro de saúde máis próximo) son servizos gratuítos e confidenciais onde pode dirixirse para consultar as súas dúbidas no relativo a anticoncepción, sexualidade e prevención de enfermidades de transmisión sexual

No caso de que crea estar embarazada ten que solicitar hora para visitar o seu médico no centro de saúde. O persoal sanitario informarlle das xestións que ten que facer e facilitaralle unha cartilla de embarazo, onde se incluírá toda a información médica relevante no seu caso. Tamén terá acceso a unha serie de cursos de maternidade e preparación ao parto que poden axudala a ter un embarazo máis seguro. Ten que asistir a todas as visitas médicas previstas durante o embarazo e o nacemento producírase no hospital ou clínica que previamente lle asignen.

O meniño ten que ser inscrito no **Rexistro Civil** do municipio correspondente nos tres días seguintes ao nacemento. Só no caso de que os pais estean casados pode acudir o pai só; se se trata doutro tipo de unión teñen que ir ambos os dous proxenitores. Posteriormente é necesario empadroalo e solicitar a súa tarxeta sanitaria.

A partir do momento do seu nacemento, o neno ou nena ten que seguir un control médico por parte dun pediatra do seu centro de saúde. Cada neno ou nena ten un carné de saúde onde se inclúe toda a información médica relevante con inclusión das vacinas. É moi importante conservar este documento en todo momento.



RECORDE!!!

Cando nace un meniño, ten a obriga de inscribilo no Rexistro Civil.
Ten tres días de prazo para inscribilo.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Existen unha serie de supostos polo que la lei española permite o aborto. Estes son: grave perigo para a vida ou a saúde física ou psíquica da nai, presunción de que o feto nacerá con graves taras físicas ou psíquicas e cando o embarazo sexa froito dun delito de violación previamente denunciado. A rede sanitaria pública dispón dunha serie de centros sanitarios onde efectuar esta práctica.

No caso de que se atope nun estado de xestación moi avanzado e non se dean as condicións necesarias para facerse cargo do meniño acabado de nacer, en España existe a posibilidade de xestionar unha adopción. Esta ten carácter confidencial e anónimo e protexe os dereitos do menor na medida que garante que vai ser criado cunha familia adoptiva que cumpre todos os requisitos esixidos pola administración.

A **vacinación** da poboación é unha técnica preventiva contra a transmisión de certas enfermidades. A maioría das vacinas aplícanse entre os 2 meses e os 14 anos de idade; sen embargo, a vacinación continúa con posterioridade na vida adulta, especialmente se se realiza algunha viaxe a países con enfermidades infecciosas propias daquela zona xeográfica. No caso dos nenos e nenas estas vacinas están ordenadas segundo un calendario concreto e a cando se aplican inclúense no carné de saúde. Na etapa infantil as vacinas son sistemáticas o que quere dicir que hai que administrarlas sempre excepto no caso de que exista algunha contraindicación que o impida.

Para consultar que vacinas ten que administrar aos seus fillos/as debe acudir ao seu pediatra no seu centro de saúde de referencia.

No caso de que na súa familia se dea algún problema relacionado coas **adiccións** (alcoholismo, consumo de drogas) debe acudir ao seu centro de saúde, onde lle informarán dos pasos a seguir.



4.8. A escola

Cando falabamos da **Educación** faciamos máis referencia aos aspectos formais desta (sistema educativo, matriculación...) que o concepto de educación en si mesmo. Imos agora tratar de explicar que consecuencias ten o proceso de escolarización dos rapaces e rapazas e que papel poden xogar os proxenitores nel.

Dende o Concello de Vigo e, máis en xeral dende o sistema educativo galego, a escolarización dos nenos e das nenas pretende non só que estes adquiriran diferentes coñecementos e capacidades, senón que ademais aprendan a vivir na sociedade con todos os dereitos e obrigacións que isto comporta.



Para coñecer mellor como funcionan os centros educativos pódese falar en primeiro lugar do **calendario escolar** que seguen case todos os centros docentes. Normalmente as clases comezan a mediados do mes de setembro e terminan a finais do mes de xuño que é cando empezan as vacacións de verán. Existen outros períodos de vacacións coma son a Semana Santa e o Nadal e diferentes días festivos o longo do curso.

Nada máis chegar e despois de **matricular os seus fillos/fillas no colexio** é moi importante que se involucre no que lle pase o seu neno ou nena na escola xa que o seu futuro depende en grande medida da educación que reciban.

A determinación das necesidades de cada alumno ou alumna acabado de chegar realízase a través dunha avaliación inicial no momento da escolarización. Normalmente, o alumnado procedente do estranxeiro só precisa adaptarse á nova situación pero ás veces é necesario tamén un certo grao de reforzo educativo.

Guía de información e acollida para persoas de procedencia estranxeira

Entre outras cousas é importante tamén saber que no ámbito educativo galego conviven as dúas **linguas** oficiais, o **galego** e o **castelán**, e que as escolas en Galicia son normalmente mixtas. Isto quere dicir que os nenos e nenas estudan e xogan xuntos agás no caso dalgunha actividade deportiva que necesite vestiarios, que están sempre separados por sexos. No ámbito educativo público respéctanse sempre as diferentes culturas e relixións, as opinións diversas e acóllese e trátase a todas as nenas e nenos por igual.

Os pais/nais ou titores/as das nenas e dos nenos teñen que manter o contacto directo co profesorado e acudir a eles cada vez que ao neno/a se lle presente algunha dificultade. A asistencia diaria a clase é obrigatoria e necesaria os alumnos e alumnas deberán ser puntuais cada día; se por calquera motivo non é posible asistir a clase, é preciso que os seu titores xustifiquen as faltas.

O seu fillo/filla ten que contar co material escolar que precise e aprender a coidalo e valoralo como un ben común que se costea coas achegas de toda a cidadanía.

Case todos os centros ofrecen a posibilidade de realizar **actividades extraescolares** despois do horario de clase. A oferta é múltiple (deportes, música, teatro...) e, xunto coas excursións e saídas fóra do centro, son unha excelente oportunidade para facilitar a integración das rapazas e dos rapaces cos seus compañeiros e compañeiras.

Para estar informado do que pasa na escola pode inscribirse na **ANPA** (Asociación de Nais de Pais de Alumnado) que representa as familias e que traballa para mellorar a escola. Estas organizacións fomentan a colaboración entre as familias e o colexio; acostuman a organizar actividades diversas para o alumnado e as súas familias.



RECORDE!!!

Dende o Concello existen unha serie de bolsas educativas. O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Xunta de Galicia tamén ofrecen bolsas e axudas para a adquisición de libros e material didáctico, para o transporte ou para o comedor.

O alumnado procedente do estranxeiro ten dereito a solicitalas, con independencia da súa situación administrativa. A información relativa a estas axudas a facilitan os propios centros docentes.

4.9. Os impostos

A maioría dos ingresos do Estado, da comunidade autónoma e incluso das entidades locais proveñen dos impostos. Estes son tributos que gravan a renda e o patrimonio (impostos directos) como tamén o consumo e o gasto (impostos indirectos).

A recadación de impostos permite ás administracións públicas financiar servizos coma a educación, a sanidade, os servizos sociais, a vivenda.. dos que se benefician todos os cidadáns e as cidadás ou algún colectivo en concreto.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) é o tributo de imposición directa máis común, grava o consumo de bens e servizos e ten aplicación xeral na Unión Europea.

O imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) é un imposto directo e de natureza persoal que grava a renda en función da cantidade e das circunstancias persoais e familiares que concorran na persoa. Deben pagar este imposto todas as persoas físicas que teñan a súa residencia habitual no territorio español, cando se permaneza nel máis de 183 días ao ano, ou cando o dito territorio sexa a base das súas actividades ou intereses económicas. Este imposto afecta á totalidade dos rendementos da persoa contribuínte (traballo, capital e actividades económicas), ganancias e perdas patrimoniais e as imputacións de renda que estableza a lei (rendas inmobiliarias por exemplo) con independencia de onde se produciran.

A empresa para a que se traballe ten a obriga legal de reter una parte do seu salario a contado IRPF. Tamén será sometido a retención polos rendementos que obteña das súas contas bancarias e activos financeiros.

Cada ano, nos meses de maio ou xuño, é preciso facer a **declaración da renda**, ou o que é o mesmo, declarar os ingresos do ano precedente. Esta declaración da renda é obrigatoria só no caso duns determinados ingresos e ten que facerse antes da data límite indicada nos impresos.


4.10. A participación sociopolítica

Existen moitas canles diferentes de participación cidadá na nosa cidade. Dende un punto de vista político o medio máis habitual son as eleccións. Sen embargo, o dereito ao sufraxio no caso dos cidadáns e das cidadás de procedencia estranxeira residentes queda limitado ás eleccións municipais, no caso de que exista o consecuente convenio entre o Estado español e o país de procedencia. Outros medios de participación política tradicionais son **partidos políticos** ou os **sindicatos**.

Vigo conta dende sempre cun movemento veciñal moi activo e este tipo de asociacións son as responsables de moitas das actividades que se levan a cabo na cidade. Destacan os **centros cívicos** que son lugares nos que se atopan situadas as oficinas dos Centros de Atención Municipal (CAM) e os Centros Municipais de Internet.

Todos eles dispoñen dun servizo de préstamo de libros, ao que se pode acceder solicitando un carné, que, ademais de ser gratuíto, non necesita renovación, é válido para todos os centros cívicos e permite o acceso libre a internet.

Contan ademais con espazos comúns (cuxo uso pódese solicitar no propio centro, ou a través da Oficina Virtual), salas de reunións para colectivos e asociacións, espazos dedicados á lectura, ao estudo, á formación e outras instalacións nas que os veciños e veciñas poden reunirse, realizar actividades formativas, culturais e lúdicas.




En Vigo existen catro grande centros cívicos:

- Centro Cívico Casco Vello
- Centro Cívico de Coruxo
- Centro Cívico de Teis
- Centro Cívico de Saiáns

No **Anexo II** podes atopar a listaxe de **asociacións de inmigrantes** rexistradas no Concello de Vigo.

4.11. Enlaces de interese


- Portal para entidades locais sobre integración de inmigrantes. Buscar boletín.
<http://www.integralocal.es/>
- Portal de la Ciudadanía Española no Exterior do Ministerio de Trabajo e Inmigración
<http://www.ciudadaniaexterior.mtin.es/>
- Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración
<http://extranjeros.mtin.es/es/index.html>
- Observatorio Español do Racismo e a Xenofobia
<http://www.oberaxe.es/>
- <http://inmigraciongalicia.org/g/default.asp>
- <http://forogi.wordpress.com/>
- <http://www.galiciaterradeacollida.es/>
- Real e Ilustre Colegio de Abogados de Zaragoza
<http://www.reicaz.es/>
- Concello de Zaragoza- Casa de las Culturas
<http://www.zaragoza.es/ciudad/sectores/casaculturas/>
- <http://www.parainmigrantes.info/>



CADRO RESUMO ONDE ACUDIR

ANEXO I

	Concello	Centro de saúde	Inspección de Educación	Misións diplomáticas / Oficinas consulares españolas no país de orixe	Brigada de Estranxeira e Documentación	Unidade de Estranxeiros	Rexistro Civil	Subdelegación do Goberno	Oficina de Información para Emigrantes Retornados e Inmigrantes	Xefatura local de Tráfico de Vigo
Empadramento	■									
Tarxeta Sanitaria		■								
Escolarización			■							
Visado				■						
NIE					■					
TIE					■					
Rexistro cidadáns comunitarios					■					
Prórroga de estancia					■					
Autorizacións de residencia temporal					■					
Autorizacións de residencia e traballo						■				
Nacionalidade							■			
Asesoramento e información								■		
Homologación e convalidación de estudos								■	■	
Permiso de conducir										■



ANEXO II

ASOCIACIONES DE INMIGRANTES

Asociación de amigos de Uruguay

R/ San Roque, 34. 36204, Vigo
Teléfono: 665 051 873/ 986 417 591/ 665 051 873
uruguaygalicia@hotmail.com

Asociación de Uruguayos del Mundo

R/ Bos Aires, 42. 36207, Vigo
Teléfono: 886 115 678
ivonerodriguezcastro@gmail.com

Asociación Cultural para las Migraciones Colombianas

Avda Gregorio Espino 83,1E. 36205, Vigo
Teléfono: 986 372 384/ 639 925 554
mig_colombianas@hotmail.com
kio_2000@hotmail.com

Centro Cultural Cubano en Galicia

R/ Dr. Carracido, 27. Baixo. 36205, Vigo
Teléfono: 886 122 867/ 647 177 305
jorgesito41@yahoo.es

Madres Latinas. Casa das Mulleres

R/ Romil, 20. 36202, Vigo
Teléfono: 986 410 474/ 615 156 970
madreslatinas@gmail.es
rehabilitacionluisimotta@hotmail.com

**Asociación de Inmigrantes Paraguayos en Galicia**

R/ Doctor Carracido, 36 Bajo. 36205, Vigo
Teléfono: 886 129 433/ 627 110 779
asociacionparaguayaeen_galicia@hotmail.com

Asociación de Peruanos en Galicia

Travesía de Vigo, 94 2 9º 6. 36205, Vigo
Teléfono: 608 273 787/ 676 243 010
peruanosdecorazon@hotmail.com
martha@vgomagacine

Asociación de Ghana

R/ Ramón Nieto, 58. 36205, Vigo
Teléfono: 638 252 672

AIDA-Asociación de Ayuda al Africano

R/ Camelias 117-portal C 1º Esq. 36211, Vigo
Teléfono: 665 785 553 / 666 207 358/
646 463 804
aidaafrica@gmail.com

**Asociación de Integración Galego-Brasileira
"ABRIGA"**

R/ Doutor Canoa, 12 4º C. 36206, Vigo
Teléfono: 986 277 790/ 627 516 692
galegobrasileira@hotmail.com
marlenventin@hotmail.com

Asociación Multicultural de Mulleres

R/ San Roque 84-5º. 36205, Vigo
Teléfono: 687 083 148/ 986 028 075
ammujeres@yahoo.es
decastroelena@yahoo.es

**Grupo de Apoyo a Personas Inmigrantes -
CRISTO**

R/ Baiona, 9-B. 36209, Vigo.
Teléfono: 986 213 453/ 687 204 003
cristodavictoria@dominicos.org

Asociación Rumanos

R/ Couto de San Honorato, 18-12 B. 36204, Vigo
Teléfono: 657 164 091
mircea_din_vigo@yahoo.es


Solidareidade Galega co Pobo Saharai

R/ Gregorio Espino, nº 57 Bajo. 36205, Vigo
Teléfono: 986 262 637/ 670 054 933
asociacionsogaps@yahoo.es

Fonte: Concello de Vigo.

Data de Actualización: 15 de marzo de 2010





Autor: **Quadernas Consultoría s.l.**

Edita: **Concellaría de Benestar Social do Concello de Vigo**

Coordinación editorial e deseño: **Esposible Comunicación s.l.**

I.S.B.N:

Dep. Legal:

